

orçamento
exercício

09



0. Índice

1. Presentacion	5
2. Orzamento de ingresos	14
2.1. Evolución xeral	14
2.2 Criterios de previsión	15
3. Orzamento de gastos	22
3.1. Estrutura por capítulos	22
3.2. Orzamento de gastos por programas	24
4. Normas de desenvolvemento do orzamento 2009	71
5. Anexos	84

1. Presentación

O ano 2008 pasará aos naqueles da historia por varios motivos de distinta índole, pero a maioría deles van estar relacionados coa crise económico-financeira internacional. Como é sabido, as distorsións comezaron polo furo da burbulla inmobiliaria. Desde ese primeiro momento, os ingresos públicos por fontes tributarias iniciaron un descenso imparable, agravado a cada nova dificultade sectorial. Menos actividade e menos transaccións implican menores impostos asociados ás compravendas, primeiro, e á xeración de rendas empresariais e persoais, despois.

Como consecuencia, as dificultades para o sector público comezaron a ser evidentes a mediados de ano, no inicio do período de revisión de contas e de preparación dos orzamentos para o exercicio seguinte. As previsións realizadas para anticipar os efectos desa espiral depresiva tiveron que ser corrixidas a ritmo case semanal.

As tensións sucedéronse diante das limitacións existentes para cadrar o financiamento de programas, expectativas e compromisos. E esa onda contractiva acabou chegando ao financiamento do sistema universitario, no caso dalgunha Comunidade Autónoma con decisións restritivas difíciles de entender e xustificar.

Desde 2005, o Sistema Universitario de Galicia desenvólvese de acordo cun Plan de financiamento que estende a súa vixencia ata 2010. Este plan tivo un efecto balsámico e expansivo para o sistema, despois de varios anos dunha estratexia de pura supervivencia. Non obstante, non contiña previsións potentes respecto de dúas liñas que co tempo se converteron nos principais

retos para as universidades públicas españolas: a adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e a definición da transferencia como terceira misión da Universidade.

Definidos como obxectivos preferentes a nivel autonómico, estatal e europeo, o respaldo que precisaban demandaba un cambio sustancial no Plan de financiamento do SUG sen agardar ao fin da súa vixencia. De acordo no diagnóstico, universidades e goberno galego iniciaron o proceso de reforma que debería conducir a un novo plan para o período 2009-2013. Este foi o escenario que trastocou radicalmente o tsunami económico-financeiro producido a principios de 2008.

A situación ten mudado a ritmo acelerado nos últimos meses. O goberno galego acadou un acordo coas universidades e os consellos sociais do SUG para diferir a 2010 a entrada en vigor do novo Plan de financiamento, que debería ser aprobado no primeiro semestre de 2009.

E para este último exercicio orzamentario mantén o Plan vixente, cunha aportación orzamentaria adicional de 15.911.794 euros para todo o SUG, que debe permitir un crecemento nominal próximo ao 5% e o mantemento, polo tanto, do valor real do volume das subvencións recibidas polas universidades.

Este é o escenario orzamentario co que están elaboradas as previsións económicas da Universidade de Vigo para o exercicio 2009, escenario que proporciona unha reducida marxe de discrecionalidade e que obriga a seleccionar con moito coidado as preferencias e os graos de intensidade elixidos para elas.

De acordo co anterior, o orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio 2009 supón un volume de recursos de 182.217.836 millóns de euros, o que supón un aumento do 4,6% sobre os ingresos consignados en 2008.

En canto ás contías dos fondos e á orixe destes, os que achega o PF seguen a constituir a parte máis relevante. A súa aplicación no 2009 dá como resultado un descenso dos fondos con respecto o ano 2008. Isto é consecuencia, fundamentalmente, do descenso dos recursos que se perciben a través do Fondo Incondicionado xa que pasan dun volume de 89,3 millóns de euros no 2008 a un volume de 88,2 millóns de euros no 2009. A evolución deste fondo, así como a do fondo de nivelación, está ligado á evolución dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia. A previsión que realiza a Xunta para 2009 é dun descenso do 2% neste concepto.

Para compensar esta caída nos fondos do Plan, a Xunta aprobou un complemento adicional ao PF por importe global de 15,9 millóns de euros. O seu reparto entre as universidades do SUG segue dous criterios: 13,9 millóns de euros vanse repartir segundo as porcentaxes do actual fondo incondicionado e os dous millóns de euros restantes repartiranse seguindo os criterios do contrato-programa de servizo de apoio a I+D. O resultado para a Universidade de Vigo supón uns fondos complementarios de 4,79 millóns de euros, cantidade na que está incluída o contrato-programa para o Desenvolvemento dos Servicios Xerais de Apoio a Investigación (SAI) posto en marcha no 2007 e cunha estimación no 2009 de 597.000€.

Así mesmo, consolidanse as aportacións que se achegan a través dos novos contratos programa: o contrato-programa para promover a intensificación da actividade investigadora (POD) e o contrato-programa para adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). No exercicio 2008 significaron un total de 1,38 millóns de euros e a estimación para 2009 é de 1,5 millóns de euros.

No seu conxunto, as cantidades que achega a Xunta no 2009, tanto a través do PF como do Fondo Complementario e dos novos contrato-programa, supoñen un volume total de recursos de 121,3 millóns de euros,

considerando tamén neste importe os proxectos e infraestruturas de investigación competitivos da Xunta de Galicia. Estes ingresos concréntanse do seguinte xeito:

1. TRANSFERENCIAS CORRENTES 101.352.208

- Fondo de financiamento incondicionado:	88.162.449
- Fondo de calidade:	4.075.647
- Fondo de nivelación:	2.828.175
- Novo Fondo complementario:	4.188.937
- Novos Contratos-programa:	2.097.000

2. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL 19.977.878

- Fondo RAM:	1.642.926
- Fondo de apoio á investigación:	2.852.798
- Proxectos e infraestruturas de invest.:	9.834.903
- Fondo de investimentos:	4.657.843
- Fondo calidade. Contratos-programa:	989.408

Por tanto as cantidades que achega a Xunta a través dos distintos fondos e contratos-programa, incluídos proxectos e infraestruturas de investigación competitivos, medran en case 5,8 millóns de euros con respecto ás mesmas achegas realizadas no exercicio de 2008, o que supón un incremento próximo ao 5%. Se excluimos os proxectos e infraestruturas de investigación competitivos, o crecemento é de 4,8 millóns de euros, o que en termos porcentuais significa un incremento do 4,5%. En termos globais, as achegas realizadas pola Xunta de Galicia representan un 66,6% dos ingresos totais da Universidade de Vigo.

Polo que respecta ao resto dos recursos cos que conta a facenda da Universidade de Vigo, fundamentalmente ingresos por matrícula e ingresos pola captación de recursos de libre concorrencia, realízase unha estimación prudente de acordo co escenario macroeconómico no que estamos inmersos. Así, polo que se refire aos recursos propios, os ingresos por matrícula estímáanse en 14,6 millóns de euros, estimación que supón un incremento do 2,4% respecto dos ingresos de 2008 neste concepto .

En canto a Fondos Feder e anticipos nas convocatorias do MEC e nas de PCT, para 2009 compútanse 0,87 millóns de euros de ingresos procedentes de Fondos FEDER, mentres que por proxectos e contratos se estima un ingreso de

17,7 millóns de euros, incluídos neste cómputo os proxectos de investigación da Xunta. En total estamos a falar de 18,6 millóns de euros de financiamento externo acadado en competencia no mercado de I+D+i.

Estamos polo tanto ante un novo escenario económico e financeiro que, de ser persistente no tempo, podería poñer freo ás aspiracións da Universidade de Vigo en termos de consecución dos obxectivos na adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e na definición da transferencia como terceira misión da Universidade. A situación de partida para a nosa Universidade é de solvencia financeira, resultado da disciplina orzamentaria aplicada na nosa institución. Pero esta situación saneada e estable que caracterizou a Universidade de Vigo nos últimos anos pódese ver modificada se non se cumpren as expectativas xeradas polo goberno galego de aprobar un novo Plan de financiamento no primeiro semestre de 2009 e que entraría en vigor no 2010.

A continuación enuméranse as liñas de actuación máis salientables para 2009.

Liñas preferentes de actuación

As apostas orzamentarias da Universidade de Vigo para 2009 están vencelladas a compromisos legais e programáticos. Estas apostas son as seguintes:

- a. Compromisos salariais de PDI e PAS**
- b. Plan de adaptación o Espazo Europeo de Educación Superior, incluíndo grao e posgrao**
- c. Compromisos aprobados no Plan de I+D**
- d. Plan propio de promoción para doutores acreditados**
- e. Plan propio de formación para doutorandos**
- f. Plan de desgravacións por actividades docentes e de investigación**
- g. Infraestruturas científicas**
- h. Infraestruturas docentes e de servizos**
- i. Plan de renovación informática**

A continuación faráse unha breve descrición de cada unha destas liñas de actuación, incluíndo de xeito resumido tamén as cifras de gasto que supoñen.

a. Compromisos salariais de PDI e PAS

A xestión da Universidade de Vigo ten oito obxectivos básicos vehiculados a través do plan operativo de xestión 2008-2011, que contempla

diversas accións para executar neste período. A área de persoal está entre os eixes estratéxicos, con accións dirixidas a acadar un modelo de excelencia na calidade da prestación dos servizos enfocado ás actuais necesidades docentes e investigadoras e de apoio a estas, sobre a base da mellora das competencias e desenvolvemento profesional.

Unha das principais e primeiras accións será a avaliación das necesidades de persoal, adecuando os actuais cadros de persoal PAS e PDI aos novos retos, con impulso na formación e capacitación necesarias para a mellora das competencias e polo tanto das prestacións da Universidade de Vigo.

Os ámbitos prioritarios na xestión serán: os ámbitos académicos e de investigación, a descentralización na prestación dos servizos, a organización de centros e a biblioteca.

Para iso faise un esforzo orzamentario na dotación de prazas para o ano 2009, tamén na formación e nos plans de promoción previstos para PDI e para PAS, para traballar nun plan de calidade co obxectivo da excelencia na prestación.

No ámbito do PDI, os retos veñen dados pola implantación do Espazo Europeo de Educación Superior e do novo marco legal fixado pola Lei Orgánica 4/2007 de 12 de abril, de Reforma da LOU. O escenario muda tamén baixo a influencia das novas políticas de I+D nos ámbito europeo, español e galego. Estas políticas inclúen programas de incorporación de investigadores, con opcións ás veces de consolidación, que utilizan as universidades como receptoras. Unha política propia de profesorado obriga a tratar como temas preferentes as fórmulas para a formación doutoral interna, para a promoción do cadro de persoal actual, e para incorporar e consolidar o novo cadro; e todo isto demanda, á súa vez, precisión sobre programas específicos propios e criterios institucionais claros sobre os procedementos para facelo.

No seu conxunto, o capítulo I medra a unha taxa de 8,9 % para atender tanto os compromisos salariais coma as accións previstas para o ano 2009. Este incremento significa un volume de recursos para o Capítulo I de 94,7 millóns de euros para o ano 2009, o que supón 7,7 millóns

máis que no exercicio 2008. Este importe recolle o incremento retributivo que a lei establece dun 2% máis o IPC galego, así como os trienios, sexenios, quinquenios e demais complementos salariais. Así mesmo, nese importe tamén se inclúen os contratos das convocatorias de persoal de I+D+i, subvencionados polo Ministerio de Educación (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, FPU, FPI) e pola Xunta de Galicia (Parga Pondal, María Barbeito, Angeles Alvairiño, Lucas Labrada e Isabel Barreto).

b. Plan de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, incluíndo grao e posgrao

No orzamento de 2009 recóllense tamén créditos para dar apoio ás actividades dirixidas para avanzar na reforma dos actuais títulos oficiais de grao e posgrao segundo se establece no Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, e no documento do Consello de Galego de Universidades das Liñas xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao no Sistema Universitario de Galicia.

No Plan de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior recóllense tanto actuacións específicas dirixidas á reforma das titulacións actuais de grao e posgrao como actuacións que teñen que ver coa adaptación dos espazos físicos ás novas metodoloxías docentes. Así mesmo, dentro do Plan de renovación informática e modernización da xestión académicas, as adquisicións de novas aplicacións están pensadas para que acompañen este proceso de adaptación e faciliten o tránsito cara ao novo sistema.

Neste senso, no Programa de formación e innovación educativa recóllense actuacións de innovación educativa que cada vez teñen unha maior importancia e incidencia no desenvolvemento da actividade docente. Ao longo de 2009 vaise continuar tanto co Programa de formación permanente do profesorado como co Programa de formación do novo profesorado, que vai orientado aos profesores con escasa experiencia docente. Consolídase tamén o portal de formación e innovación educativa na Universidade como ferramenta de axuda na docencia ao profesorado.

No que se refire á reforma das titulacións, o programa contempla unha dotación orzamentaria específica de 50.000€ para dar apoio aos centros na preparación dos novos planos de estudo de grao mediante a realización de actividades de formación e asesoría.

Ao igual que no exercicio anterior, a implantación dos novos títulos de mestrado universitario, tanto de perfil profesionalizante como investigador, reciben apoio orzamentario específico cun total de 210.000 euros, deseñándose mecanismos de incentivos para actividades específicas consideradas estratéxicas dirixidas a fomentar a participación de profesorado alleo na nosa oferta formativa.

Dáselle continuidade o Programa Tempos (telemestrado de posgrao) iniciado no exercicio 2008, dotado con 100.000 €, e que ten por finalidade atender o financiamento das iniciativas de apoio xeral aos mestrados universitarios para a súa virtualización, difusión e xestión.

No que se refire á adaptación dos espazos docentes ás novas metodoloxías de ensino e aprendizaxe, no orzamento recóllese unha dotación de 1.280.000€ para a realización de obras de reforma nos tres campus da Universidade.

c. Compromisos aprobados no Plan de I+D

No orzamento de 2009 consolídase os compromisos do documento de I+D+i postos en marcha no 2008 e dáselle apoio económico a tres novos compromisos que figuran recollidos no citado documento. En primeiro lugar, dótase con 180.000 € o Programa de incorporación de investigadores co obxectivo de atraer doutores seleccionados nos programas nacional e autonómico creando paquetes de benvida que inclúen espazo e dotación orzamentaria.

En segundo lugar, dentro do Programa de incentivos ao doutoramento establécese un apoio económico de 55.000€ para incentivar os programas de doutoramento que acaden obxectivos de calidade, así como para poñer en marcha mecanismos de apoio a aqueles que teñen dificultades para acadar a mención de calidade. En terceiro lugar, dentro do Programa de promoción dos investigadores, ademais de continuar co programa propio de contratados doutores, ábrese o programa de promoción a cátedra para aqueles que acaden a acreditación con tres sexenios (72.000€).

Xunto a estes novos programas, dáselles continuidade ao resto de medidas de apoio nos programas iniciados no 2008 relativos a grupos de investigación, produción científica e demais liñas de apoio á investigación.

d. Plan propio de promoción para doutores acreditados

No orzamento de 2009 refórzase a aposta polo xa consolidado Plan propio de promoción de doutores que na súa cuarta edición incrementará o número de prazas convocadas ata catorce. Trátase dun programa que permite convocar prazas de profesorado con vinculación permanente en base a unha selección previa dos mellores currículos de doutores acreditados previamente contratados pola Universidade de Vigo. É unha acción que aposta pola excelencia académica e supón un gran aliciente para atraer cara á Universidade de Vigo bos candidatos nas convocatorias Parga Pondal e Ramón y Cajal.

e. Plan propio de formación para doutorandos

Tras a primeira convocatoria de bolsas e contratos de formación predoutoral en áreas de especial dificultade para captación de doutores, amplíase en 2009 o citado programa con oito novas bolsas e cinco novos contratos de predoutoramento coa finalidade de reforzar a canteira de futuros doutores en áreas onde subsisten dificultades e se precisan futuros candidatos a prazas de profesorado. Xunto a este programa propio consolídase tamén o Programa xeral de formación para doutoramento.

f. Plan de desgravacións por actividades docentes e de investigación

No orzamento de 2009 continúaase na liña de consolidación do apoio financeiro ao Plan de desgravacións docentes posto en marcha no 2007. O obxectivo é dar apoio académico ás liñas estratéxicas que o Equipo de Goberno considera de maior relevancia. As actividades de carácter docente, de investigación e directivas que se poden considerar con desgravacións de carga en POD son as seguintes:

1. Desgravacións asignadas por actividades docentes

- Apoio aos programas oficiais de posgrao.
- Apoio ás actividades de intercambio de estudantes.
- Apoio aos programas de prácticas externas.
- Apoio á dirección de proxectos de fin de carreira.
- Apoio á elaboración dos novos títulos do grao e á implantación destes.

2. Desgravacións asignadas por actividades de I+D

- Apoio aos grupos de referencia da Universidade de Vigo.
- Apoio aos investigadores responsables de proxectos europeos do VII Programa Marco, Cenit e Consolider, cun incremento respecto ao ano pasado para os líderes dos proxectos.
- Desgravacións por dirección de teses de doutoramento
- Desgravacións por dirección de tese licenciatura
- Desgravacións por investigación recoñecida en forma de sexenios.

3. Desgravacións asignadas por actividades directivas

- Apoio ás actividades directivas do Equipo de Goberno.
 - Apoio aos equipos directivos dos centros en base a datos de xestión.
- Trátase dun programa que será presentado nos seus detalles en Consello de Goberno, coa intención de que poida ser debatido e incorporado no POD do curso 2009-2010.

g. Infraestruturas científicas

Ao igual que en exercicios anteriores, no orzamento de 2009 ten continuidade esta liña de actuación dándolle cobertura tanto á edificación como ao equipamento científico. Como xa é sabido, estas actuacións foron posibles polo éxito acadado nas convocatorias de financiamento de módulos e equipamentos centralizados de fondos Feder, anticipos MEC e parques científico-tecnolóxicos que permitiron obter recursos para o seu financiamento.

No exercicio 2009 inicianse novos proxectos, algún deles con financiamento xa acadado en convocatorias competitivas como o Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e outros que aínda están pendentes das resolucións da convocatoria 2008 de Feder, anticipos MEC e parques científicos, como o Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CINTEC). Globalmente, o orzamento previsto para obra acada os 7,6 millóns de euros, entre as que cómpre citar as seguintes:

- Construción do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO).
- Proxecto dun Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CINTEC).
- Finalización do Módulo Tecnolóxico Industrial.
- Finalización da ampliación do CACTI e do Módulo Biosanitario.

Polo que respecta a adquisición de equipamento científico, o orzamento de 2009 dota a partida correspondente con 0,4 millóns de euros. Dado que hai peticións en curso para obter financiamento para equipamento, esta partida pode verse incrementada, xenerándose o crédito correspondente ao financiamento acadado nas convocatorias competitivas. As actuacións previstas en cada unha destas prioridades de gasto son as seguintes:

Infraestruturas centralizadas

■ Programa: Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento de investigación.

Clasificación orgánica 0022 Servizo de Apoio á Investigación–funcional: 311V

- **Concepto 622: edificios e construcións:**

7.600.000

- **Concepto 623: maquinaria e equipamento:**

400.000

Total infraestruturas invest. centralizadas:

8.000.000

En resumo, no orzamento de 2009 dedícanse 8 millóns de euros á adquisición de novas estruturas de investigación para a Universidade de Vigo, o que representa máis dun 4% do orzamento total de 2009.

h.- Infraestruturas docentes e de servizos

Outras das iniciativas relevantes de 2009 ten que ver cos compromisos construtivos, así como coas actuacións de reforma e mantemento dos edificios existentes.

En primeiro lugar cabe destacar a realización de actuacións de urbanización nas zonas de enxeñería e de ciencias experimentais, reformas, ampliacións e melloras das edificacións atendendo as necesidades de habitabilidade, comunicación e accesibilidade de persoas con problemas de mobilidade, e o remate da edificación na parte superior da zona comercial, que supón un compromiso de 3.600.000 euros.

Pero tamén cómpre destacar, polo que significa en termos de compromiso coa igualdade, o proxecto de construción de escolas infantís nos campus de Pontevedra e Vigo, que globalmente significan un compromiso orzamentario para 2009 de 1,6 millóns de euros.

Tamén se recollen os créditos para o proxecto e o inicio das obras do Edificio das Artes en

Pontevedra así como para a construción dun edificio administrativo no Campus de Ourense. Neste último campus tamén hai dotación para a construción dun campo de fútbol-rugby, obra que está cofinanciada o 50 % pola Consellaría de Cultura e Deportes.

Por último, ponse en marcha o Programa CEN para adaptación dos espazos ás novas metodoloxías que se requiren no marco do EEES cunha dotación global de 1,28 millóns de euros.

■ Programa Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento.

Clasificación orgánica 00PL–funcional 311V

- **Concepto 622. Edificios e outras construcións**

Continuidade de compromisos construtivos.

- Remate da biblioteca e urbanización na zona de ciencias–Vigo: 200.000

- Comunicación dos edificios MTI, Industriais e Fundación e urbanización na zona de enxeñería industrial-minas: 1.000.000

- Remate da edificación na parte superior da zona comercial: 400.000

- Novas instalacións cofinanciadas: 700.000

Total parcial (1)2.300.000

A dotación de 700.000 € que se fai no programa está orientada ao cofinanciamento de instalacións vinculadas a convocatorias relacionadas coa integración de enerxías renovables, de eficiencia enerxética, a climatización e a xestión ambiental.

Actuacións de reforma e adaptación.

- Reformas, ampliacións e novas instalacións en centros docentes: 1.500.000

- Reformas no contexto da adaptación das edificacións docentes aos novos graos no Campus de Vigo e no Campus de Pontevedra (Plan CEN): 1.000.000

- Reformas e novas instalacións no campus e edificacións centrais: 500.000

Total parcial (2)3.000.000

■ Programa Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento.

Clasificación orgánica PON1–funcional 311V

- **Concepto 622. Edificios e outras construcións**

Continuidade de compromisos construtivos.

- CC. de Educación de Pontevedra–aulas e laboratorio: 925.470

- CC. de Educación de Pontevedra- vestuario: 232.130

- Proxecto básico e de execución do Edificio das Artes: 440.000
 - Edificio das Artes: 400.000
 - Gardería: 700.000
- Total parcial (3)2.697.600**

Actuacións de reforma e adaptación.

- Reformas, ampliacións e novas instalacións en centros docentes: 143.941
- Total parcial (4)143.941**

■ Programa Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento.

- Clasificación orgánica OUR1–funcional 311V
- Concepto 622. Edificios e outras construcións

Continuidade de compromisos construtivos.

- Edificio Administrativo: 350.000
 - Campo fútbol-rugby e pistas atletismo: 1.907.023
 - Outros: 29.072
- Total parcial (5)2.286.095**

Total infraestruturas docentes e administrativas:..... 10.427.636

i.- Plan de renovación informática

No cadro do Plan operativo de xestión 2008-2012 da Xerencia da Universidade de Vigo, establécese como un dos eixes estratéxicos para o desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación coa misión de achegar á Universidade de Vigo ao cidadán e á comunidade universitaria, mediante o acceso aos procedementos de xestión e de formación, coa utilización de medios telemáticos que converxen cara á universidade dixital.

Para mellorar e intensificar a aplicación das TICS cara a plena implantación da universidade dixital, a dotación orzamentaria prevista para o exercicio 2009 é de 2.302.000 €, coas seguintes liñas de actuación principais:

- En servizos para prestar e mellorar. Desenvolverase a mellora do servizo de atención directa aos usuarios e optimizarase o sistema de mantementos de instalacións informáticas e de licencias de utilización.
- En aplicacións informáticas. Desenvolveranse, tralo comezo do deseño, as dúas aplicacións principais deste eixe: a nova aplicación de xestión académica e a de xestión da investigación.

Ademáis, comezarase o deseño das melloras das aplicacións de xestión dos recursos humanos e de xestión económica, para asegurar a obtención, tratamento e análise estratéxica dos indicadores de seguimento. Completarán as actuacións e aplicacións específicas para *bussines intelligence*, novas licencias de software, e posibles novos proxectos.

- En equipamento: prevista a adquisición dun hardware específico para as novas aplicacións informáticas.

k) Outras actuacións de interese

Compromiso co Plan de calidade docente
Continúase neste exercicio dando apoio ao Plan de calidade co obxectivo de que culminen os programas propios que ten marcados e que vén desenvolvendo dende a súa posta en funcionamento.

Os esforzos previstos no orzamento de 2009 en cada un dos dous programas de gasto afectados, nomeadamente centros e departamentos, son:

■ Programa de servizo de xestión descentralizada Orgánica centros-funcional 421S

- Concepto 280. Plan de calidade docente: 464.000

■ Programa departamentos Orgánica dept.-funcional 122H

- Subconcepto 280.01. Plan de calidade docente: 370.000
- Subconcepto 641.01. Producción científica: 885.500

Compromiso coa sostibilidade

No exercicio 2009 continúaase co Plan SUMA, cunha dotación de 310.000 euros e que agrupa todo unha serie de actuacións como son o estudo de eficiencia e sostibilidade enerxética nas edificacións, reciclaxe e reutilización de residuos, avaliación do transporte, estudos do medio natural e patrimonial, inventario de instalacións singulares de I+D, iniciativas de colaboración e compromiso social, así como de difusión e de sensibilización das medidas de sostibilidade e estudos ambientais na Universidade de Vigo. Neste concepto inclúese o custo da xestión do concurso de Proxecto Campus Verde. Para o financiamento destas iniciativas cóntase coa subvención do Grupo Santander.

Nos campus de Ourense e Pontevedra vanse levar a cabo actuacións similares que se perfilarán a través dos seus respectivos programas, a saber, o Programa Campus Terrae en Ourense e o Programa Campus Vedra en Pontevedra. Polo que se refire ao Campus de Ourense, o Programa Campus Terrae inclúe dotacións para o proxecto, para a instalación de placas solares no pavillón de deportes, e outra serie de actuacións que engloban conceptos similares aos enumerados no Plan Suma que supoñen un total de 400.000 euros.

En canto ao Campus de Pontevedra, no orzamento de 2009 dáselle apoio orzamentario para a realización dun concurso de ideas por importe de 100.000 euros.

Así mesmo, complétase o Plan de seguridade iniciado no exercicio de 2006, que centrou o seu esforzo na adquisición de colectores de produtos perigosos, dotándoo neste exercicio cunha cantidade de 120.000 euros de cara á avaliación das instalacións e dos equipamentos dos laboratorios. Ademais dáselle tamén continuidade ao Plan de control de accesos a centros e instalacións (270.000€), posto en marcha en 2006 en tres edificios, que será ampliado en 2009 para completar a instalación do sistema de control de accesos e vixilancia en diversos centros da Universidade de Vigo.

Este programa, ao igual que o Plan SUMA, está subvencionado parcialmente a través do convenio co Grupo Santander.

2. Orzamento de ingresos

2.1. Evolución xeral

O orzamento de ingresos por capítulos para 2009 e a súa comparación relativa

coas magnitudes equivalentes de 2008 aparecen recollidos no cadro 1.

CADRO 1: ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2009 - COMPARACIÓN CO EXERCICIO 2008					
EXERCICIO	2008		2009		VARIACIÓN (EN %)
Capítulos	Importe (A)	% s/ total	Importe (B)	% s/ total	[(B) - (A)] / (A)
III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	15.695.897	9,0%	15.770.018	8,7%	0,5%
Cap. IV. Transferencias correntes	103.849.562	59,6%	111.979.609	61,5%	7,8%
Cap. V. Ingresos patrimoniais	755.000	0,4%	1.185.000	0,7%	57,0%
Ingresos correntes	120.300.459	69,1%	128.934.627	70,8%	7,2%
VI. Enaxenación de investimentos reais	0	0,0%		0,0%	---
VII. Transferencias de capital	36.997.879	21,2%	34.309.274	18,8%	-7,3%
VIII. Variación de activos financeiros	12.385.334	7,1%	18.973.935	10,4%	53,2%
IX. Variación de pasivos financeiros	4.500.000	2,6%	0	0,0%	-100,0%
Ingresos capital	53.883.213	30,9%	53.283.209	29,2%	-1,1%
TOTAIS	174.183.672	100,0%	182.217.836	100,0%	4,6%

Como aparece reflectido neste cadro, hai un incremento bruto de 8 millóns de euros nos ingresos consignados para 2009, o que representa un crecemento relativo do 4,6 % sobre os ingresos computados no exercicio anterior.

No que se refire aos ingresos correntes, estes medran en 8,6 millóns de euros, o que supón unha taxa de crecemento do 7,2 % respecto do exercicio anterior. A súa evolución está estritamente ligada á evolución do PF, polo que se trata de fondos financeiros estables e con evolución comprometida.

Polo que respecta aos ingresos de capital, a súa evolución en 2009 supón un descenso de 0,5 millóns de euros, o que representa un descenso anual dun

-1,1 %. Neste exercicio de 2009 hai previsto un ingreso de 17,7 millóns de euros procedentes de fondos acadados en réxime competitivo polos nosos investigadores e de 0,8 millóns de euros en fondos Feder.

En todo caso, e como xa se sinalou, insistimos na necesidade de que os fondos que achega o PF para os fins de apoio á actividade investigadora, de obra nova e de contratos programas acaden unha maior contía que estea en liña cos obxectivos sinalados no Plan galego de I+D para o período de 2006-2010.

O capítulo VIII aumenta un 53 % respecto ao exercicio de 2008. Dos 19 millóns de euros orzamentados, 11 corresponden a remanentes de libre

disposición para o exercicio de 2008, que non foron aplicados no transcurso do ano. O resto corresponde a ingresos producidos en 2008 e non orzamentados (contratos-programa POD e EEES) e a créditos nas partidas de obras que deben pasar o exercicio seguinte por non seren executadas no exercicio no que foron

orzamentadas. Tamén hai remanentes de tesourería que proceden fundamentalmente de préstamos para parques científico-tecnolóxicos, fondos do MEC, do MCT, así como da Dirección Xeral de I+D+i da Xunta de Galicia. Son fondos que se ingresan dunha única vez pero que financian obras de carácter plurianual.

2.2. Criterios de previsión

Dada a situación económica xa descrita, realízase unha previsión de ingresos para 2009 empregando hipóteses de crecemento

moi prudentes. O seu resultado por capítulos, conceptos e subconceptos figura resumido no cadro 2.

CADRO 2: ORZAMENTO DE INGRESOS PARA 2009 POR CAPÍTULOS

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO INGRESO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo III. Taxas, prezos públicos e outros ingresos						
31			Prezos públicos			14.898.000
	310		Dereitos de matrícula en cursos e seminarios		160.000	
	311		Cuotas de instalacións deportivas		116.000	
	313		Dereitos de matrícula e servizos académicos		14.622.000	
32			Outros ingresos procedentes			790.006
	327		Servizos prestados por activ. investigadoras		390.000	
	328		Dereitos de custos indirectos		400.000	
	329		Outros ingresos		6	
33			Venda de bens			39.000
	330		Venda de publicacións propias		2.000	
	332		Venda de sobres de matrícula		37.000	
38			Reintegro de operacións correntes			12
	380		De exercicios pechados		6	
	381		De orzamento corrente		6	
39			Outros ingresos			43.000
	399		Ingresos diversos		43.000	
Total capítulo III						15.770.018
Capítulo IV. Transferencias correntes						
40			Da Admón. do Estado			4.385.324
	400		Do MEC		4.385.324	
41			De organismos autónomos administrativos			1.149.891
	410		De organismos autónomos		1.149.891	
45			Da Comunidade Autónoma			105.646.203
	450.00		Fondo de financiamento incondicionado	88.162.449		
	450.01		Sexenios e complementos autonómicos	4.075.647		
	450.02		Fondo de nivelación	2.828.175		
	450.03		Prazas vinculadas e persoal de investigación	3.771.662		

>>

<<				
	450.09	Outras subvencións	2.619.333	
	450.89	Fondos complementarios	4.188.937	
46		De corporacións locais		313.700
	460	De concellos	65.000	
	461	De deputacións	248.700	
47		De empresas privadas		95.070
	470	De empresas privadas	95.070	
48		De familias inst. sen lucro		10.000
	481	Institucións sen ánimo de lucro	10.000	
49		Do exterior		379.421
	490	Da Unión Europea	379.421	
		Total capítulo IV		111.979.609
		Capítulo V. Ingresos patrimoniais		
52		Interese de depósitos		1.150.000
	520	Interese de contas c/c	1.150.000	
55		Produtos de concesións administrativas		35.000
	550	Canons	35.000	
		Total capítulo V		1.185.000
		Capítulo VII. Transferencias de capital		
70		Da Admón. do Estado		6.282.375
	700	Do MEC	6.282.375	
74		De empresas públicas e outros entes públicos		6
	741	Doutros entes públicos	6	
75		Da Comunidade Autónoma		22.682.767
	750.00	RAM	1.642.926	
	750.01	Axudas de investigación	2.852.798	
	750.02	Proxectos de investigación	7.500.000	
	750.03	Infraestrutura de investigación	2.334.903	
	750.04	Obras novas	4.657.843	
	750.05	Contrato-programa	989.408	
	750.09	Outros ingresos	2.704.889	
76		De corporacións locais		120.006
	760	De concellos	6	
	761	De deputacións	120.000	
77		De empresas privadas		4.354.120
	770	Doutras empresas	554.120	
	771	Contratos de investigación	3.800.000	
79		Do exterior		870.000
	790	Da U.E.	870.000	
		Total capítulo VII		34.309.274
		Capítulo VIII. Variación de activos financeiros		
87		Remanente de tesourería		18.973.935
	870	Remanente de tesourería	18.973.935	
		Total capítulo VIII		18.973.935
		TOTAL INGRESOS		182.217.836

Os criterios empregados para facer esta estimación de ingresos en cada capítulo foron os seguintes:

Capítulo III –Prezos públicos– inclúe os ingresos por dereitos de matrícula, por servizos académicos e por cursos e seminarios, así como os ingresos derivados das escolas deportivas, cotas de acceso a instalacións, venda de publicacións, venda dos sobres de matrícula e ingresos por arrendamentos. O seu importe total é de 15.770.018 €, cun incremento do 0,5 % sobre os ingresos consignados no orzamento de 2008.

A estimación dos diferentes conceptos de ingreso deste capítulo faise a partir das seguintes previsións:

Concepto 310: neste concepto incorpóranse 160.000 euros de ingresos obtidos polo Centro de Linguas, polos cursos e obradoiros de extensión universitaria.

Concepto 311: compútanse os ingresos por cotas de entrada ás instalacións, especialmente deportivas, cunha previsión conservadora na liña do estimado no exercicio precedente de 116.000 euros.

Concepto 313: neste concepto a previsión que se fai é de 14.622.000 €, o que representa un incremento do 2,4% respecto do exercicio de 2008, previsión moderada dada a liquidación de taxas realizadas nos exercicios precedentes.

Nesta partida impútanse os ingresos por matrícula dos títulos oficiais da Universidade, incluídos os ingresos polos dereitos de matrícula nas titulacións propias de Deseño Téxtil e Moda, Ciencia e Tecnoloxía Ambiental, Ciencias Policiais e Detective Privado e Información Técnica do Medicamento, así como o Curso de aptitude pedagóxica e os cursos para maiores. Ademais, tamén se imputan a esta partida os ingresos dos novos cursos de posgrao para o ano 2009.

Concepto 327: este concepto inclúe a facturación do CACTI, que na previsión realizada se incrementa lixeiramente en termos nominais na liña da continúa expansión da actividade realizada por este centro. Compútase aquí tamén o importe correspondente ao 10% sobre matrículas de cursos de formación e mestrados.

Concepto 328: o importe consignado neste concepto inclúe o 10% dos custos indirectos da facturación por contratos con empresas privadas que se xestionan a través do servizo de apoio á investigación.

Concepto 332: neste concepto inclúense os importes correspondentes á venda de sobres de matrícula.

Concepto 399: por último, o importe consignado neste concepto inclúe os posibles cobros que non se axustan á clasificación económica con exactitude. Son os que denominamos *outros ingresos* e que neste caso recolle os ingresos por actividades deportivas.

Os demais conceptos e subconceptos deste capítulo III de ingresos practicamente non experimentan alteración nos importes consignados en 2008.

Capítulo IV –Transferencias correntes– Neste capítulo compútanse todos os ingresos de natureza corrente que a institución recibe, en xeral, dos diversos entes que integran o sector público estatal (Estado central e os seus ministerios, organismos autónomos, empresas públicas), ademais dos procedentes da Xunta de Galicia, das corporacións locais e das empresas privadas. En particular, están incluídas as achegas para financiar a contratación de doutores do programa Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal, así como as achegas do Plan de financiamento para o fondo incondicionado, sexenios de investigación e complementos autonómicos, e fondo de nivelación. Compútase aquí tamén o fondo suplementario para o 2009 e os contratos-programa para EEES e POD, así como os convenios asinados entre a Universidade de Vigo e as distintas consellarías. En conxunto, constitúen a fonte de ingresos máis importante do orzamento da Universidade de Vigo, cun volume total de 105,7 millóns de euros e un aumento do 1,7 % sobre os fondos consignados neste capítulo do orzamento de 2008.

Con máis detalle, a previsión dos principais conceptos de ingreso deste capítulo está feita da seguinte maneira:

Concepto 400: inclúe as diversas transferencias procedentes do MEC para financiar os programas

de investigadores contratados Ramón y Cajal e Juan de la Cierva, así como os ingresos obtidos nas convocatorias para técnicos de I+D e técnicos en infraestruturas. Son, polo tanto, ingresos finalistas que teñen consignados os respectivos créditos na correspondente partida de gasto do capítulo I.

Concepto 450: inclúe as diversas transferencias correntes procedentes da Xunta de Galicia. A partir do establecido no PF, a súa orixe e importes explícanse do seguinte xeito:

Subconcepto 450.00: Fondo de financiamento incondicionado. O importe da transferencia corrente incondicionada da Xunta de Galicia á Universidade de Vigo en 2008 fíxose depender no PF da evolución experimentada polos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da Xunta de Galicia. A evolución prevista destes ingresos no orzamento da comunidade autónoma para 2009 é dun descenso do -1,3%. En consecuencia, aplicando esta taxa de crecemento sobre o importe deste ingreso para a Universidade de Vigo en 2008, obtemos o ingreso correspondente a 2009:

. Dotación de 2008	89.323.656
. Previsión do PF para 2009: taxa de variación dos ingresos non financeiros dos orzamentos consolidados da CA:	-1,3 %
. Dotación de 2009:	
89.323.656 x 0,987	88.162.449

Como xa se explicou anteriormente, para compensar a caída nos fondos do PF, a Xunta de Galicia aprobou un fondo suplementario ao Plan de financiamento que supón un total de 4,79 millóns de euros para a Universidade de Vigo, dos cales 4.188.841 euros se contabilizan na 450.89 e o resto, 597.897 euros, contabilízanse na partida 450.09.

Subconcepto 450.01: Financiamento da calidade de docencia e investigación. Este fondo achega transferencias correntes afectadas para financiar dous conceptos salariais: sexenios de investigación e complementos autonómicos. O seu punto de partida foron as certificacións autenticadas polo Servizo de Persoal da Universidade de Vigo e recoñecidas pola Dirección Xeral de Universidades da Xunta de Galicia no ano base 2005. A partir de aquí, o PF fixa un crecemento deste fondo que varía para os

seguintes anos. En concreto, para 2009 fixa un incremento do 16 % sobre o importe consignado en 2008. En consecuencia, o importe que se vai percibir en 2009 será:

. Dotación de 2008	3.513.489
. Previsión do PF para 2009: incremento do 16 %	
. Dotación de 2009:	
3.513.489 x 1,16	4.075.647

Subconcepto 450.02: Fondo de nivelación. Para 2009, o PF fixa o crecemento deste fondo un punto por riba da taxa aplicada no Fondo de financiamento incondicionado. Polo tanto, en 2009 computarase por este concepto a seguinte cantidade:

. Dotación de 2008	2.837.086
. Previsión do PF para 2009: incremento do -0,3 %	
. Dotación de 2009:	
2.837.086 x 0,997	2.828.575

Subconcepto 450.03: Prazas vinculadas e persoal de investigación. Este subconcepto incorpora as transferencias da Xunta de Galicia para financiar o programa dos investigadores Parga Pondal, María Barbeito, Ángeles Alvariño, Lucas Labrada e Isabel Barreto. Ademais, incorpora transferencias para as denominadas "prazas vinculadas" docentes que exercen no Servizo Galego de Saúde.

Subconcepto 450.09: Outros ingresos. Este subconcepto incorpora outras transferencias da Xunta de Galicia de perfil diverso. En concreto, compútanse nesta partida os fondos dos contrato-programa de EEES (1.100.000 €), o contrato-programa de intensificación da actividade investigadora, POD, (400.000 €), o contrato-programa Servizo de Apoio á Investigación, SAI, (597.000 €) e demais ingresos por transferencias procedentes, entre outros organismos, da Dirección Xeral do Voluntariado, da Dirección Xeral de Universidades, da Consellaría de Pesca e da Dirección Xeral de I+D.

Conceptos 460 e 461: compútanse nestas epígrafes os ingresos conveniados co Concello e coa Deputación de Pontevedra, que achegarán 55.000 euros cada un para colaborar no financiamento do título propio de Deseño Téxtil e Moda. O concello de Ourense realiza tamén unha achega de 10.000 € para o POP

de Desenvolvemento Urbanístico. A Deputación de Pontevedra (3.700 €) e a Deputación de Ourense (191.000 €) achegan tamén financiación para diferentes actuacións relacionadas cos estudantes.

Concepto 470: por último, no concepto 470 compútase como ingreso as transferencias procedentes de empresas privadas, das que é salientable a procedente do Banco Santander Central-Hispano por importe de 410.000 euros. Tamén se recollen as achegas de Caixanova e da Cámara de Comercio para o título propio de Deseño Téxtil e Moda e da Autoridade Portuaria para o financiamento do Programa oficial de posgrao de desenvolvemento urbanístico.

O resto do capítulo IV mantense sen alteración, e deixa abertas diversas partidas cun importe simbólico de seis euros, en previsión de que durante o exercicio poidan producirse outro tipo de transferencias correntes non concretadas no momento de elaborar este documento orzamentario.

Capítulo V –Ingresos patrimoniais– Inclúense xuros de títulos e de contas bancarias, xerados polos investimentos a curto prazo dos excedentes de tesouraría.

Capítulo VII –Transferencias de capital– A maior parte dos ingresos consignados neste capítulo teñen a súa orixe nas achegas por proxectos en concorrencia nos programas da UE, do MEC e da Xunta de Galicia, por contratos con institucións e empresas e por transferencias da Xunta en concepto de apoio á investigación, contrato-programa, obra nova e RAM. A continuación explícase por separado a previsión realizada para estes diferentes tipos de ingresos:

Conceptos 700, 709 e 710: nestes conceptos compútanse os ingresos en concorrencia obtidos polos grupos de investigación da Universidade de Vigo en diversas convocatorias da Administración Central do Estado (MEC, MMA etc.), así como os custos indirectos a eles asociados. O principal aspecto salientable é a continuidade no nivel de éxito alcanzado. Polo demais, a repercusión destes ingresos non xera marxe para a institución no seu conxunto, xa que son ingresos afectados aos gastos e figurarán despois polo mesmo importe no programa 122P da Vicerreitoría de Investigación.

Concepto 750: neste concepto compútanse todas as transferencias de capital recibidas da Xunta de Galicia, e inclúense os diversos fondos recollidos no PF e os ingresos obtidos por proxectos e infraestruturas de investigación. Estes ingresos cobren un amplo abano de obxectivos. Seguindo unha orde contable, os conceptos e importes son os seguintes:

Subconcepto 750.00: R.A.M: Esta transferencia forma parte do denominado fondo de investimentos no PF, e está definida para ser aplicada ao investimento de reposición, ampliación e mellora (RAM). O seu importe fixo é de 1.642.926 euros para todo o período 2005-2010.

Subconcepto 750.01: Axudas a investigación: Inclúe o ingreso procedente do Fondo de apoio á investigación, determinado de acordo coas normas do PF do seguinte xeito:

- Dotación de 2008 2.459.309
- Previsión do PF para 2009: incremento do 16 %
- Dotación de 2009:
2.459.309x 1,16 2.852.798

Subconceptos 750.02: Proxectos de investigación e 750.09. Outros ingresos: Nestes subconceptos computamos dous tipos de ingresos relacionados. Por unha banda, 7.500.000 euros no 750.02, obtidos mediante concorrencia nas convocatorias de proxectos de investigación da Xunta de Galicia; e pola outra, na conta 750.09, computamos 1.350.000 euros en concepto de custos indirectos e 1.000.000 euros do convenio da Universidade de Vigo ca Consellaría de Cultura e Deporte para a construción dunha pista de atletismo, campo de fútbol e rugby no campus de Ourense.

Subconcepto 750.03: Infraestruturas de investigación: Estimación dos ingresos que se poderán obter en 2009 para a adquisición de infraestruturas de investigación. Inclúese neste concepto a contribución da Xunta de Galicia para o abono de préstamos reintegrables concedidos polo Ministerio de Educación.

Subconcepto 750.04: Obras novas: Como foi sinalado con anterioridade, as transferencias por obra nova forman parte do fondo de investimentos definido polo PF para todo o sexenio 2005-2010. O seu importe fixo é de 4.657.843 euros.

Subconcepto 750.05: Contratos-programa: Neste subconcepto compútanse os ingresos recibidos da Xunta de Galicia polo denominado contrato-programa, instrumento definido polo PF dentro do fondo de calidade. A súa evolución está prefixada; correspóndelle a 2009 un incremento do 16 % sobre a súa dotación en 2008. En consecuencia, o seu importe para o presente exercicio será:

- Dotación de 2008 852.938
- Previsión PF para 2009: incremento do 16 %
- Dotación de 2009:
852.938 x 1,16..... 989.408 euros

Concepto 771: Contratos de investigación: Neste concepto consígnanse os ingresos procedentes dos contratos de investigación asinados polos grupos de investigación da Universidade de Vigo. O seu importe —3.800.00 euros— supón un aumento de 800.000 € sobre o consignado no pasado exercicio.

Concepto 790: Da UE: Por último, neste concepto consígnanse os ingresos que se pretende acadar nas convocatorias Feder ás que acudiu a Universidade de Vigo.

Capítulo VIII: Variación de activos financeiros:

Este capítulo de ingresos inclúe basicamente os remanentes de tesouraría. Unha boa parte do importe deste remanente, 11 millóns de euros, procede do remanente de libre disposición do exercicio 2007 e que non foi aplicado a ningunha partida durante o exercicio 2008.

Outra parte deste remanente correspóndese con ingresos xerados ao longo do exercicio e que non estaban previstos no orzamento, estamos a falar de contratos-programa por importe global de 1,8 millóns de euros asinados coa Xunta de Galicia e que se consolidan a partir de 2009. O resto, 6,1 millóns de euros, correspóndense con remanente de gasto corrente e obras.

Este é o detalle das previsións empregadas no cómputo de ingresos para 2009. En conxunto, a Universidade de Vigo vai manexar no vindeiro exercicio un total de 182.217.836 euros, un 4,6 % máis que os ingresos consignados no exercicio precedente.

3. Orzamento de gastos

3.1. Estrutura por capítulos

No cadro 3 resúmese o orzamento de gastos por capítulos para 2009 e

a súa comparación coas magnitudes equivalentes de 2008.

CADRO 3: ORZAMENTO DE GASTOS PARA 2009 - COMPARACIÓN CO EXERCICIO 2008					
EXERCICIOS	2008		2009		VARIACIÓN (EN %)
Capítulos	Importe (A)	% s/ total	Importe (B)	% s/ total	[(B) - (A)] / (A)
I. Persoal	86.986.400	49,9%	94.686.294	52,0%	8,9%
II. Gastos correntes	25.983.688	14,9%	29.569.581	16,2%	13,8%
III. Gastos financeiros	73.003	0,0%	73.003	0,0%	0,0%
IV. Transferencias correntes	5.321.398	3,1%	7.319.181	4,0%	37,5%
Operacións correntes	118.364.489	68,0%	131.648.059	72,2%	11,2%
VI. Investimentos reais	51.952.605	29,8%	47.786.196	26,2%	-8,0%
VIII. Activos financeiros	1.800.000	1,0%	90.001	0,0%	-95,0%
IX. Pasivos financeiros	2.066.578	1,2%	2.693.580	1,5%	30,3%
Operacións capital	55.819.183	32,0%	50.569.777	27,8%	-9,4%
TOTAIS	174.183.672	100,0%	182.217.836	100,0%	4,6%

En canto á composición do gasto, o 27,8 % do total de gastos da Universidade de Vigo para 2009 son gastos de capital, dos cales un 95 % son investimentos directos do capítulo VI. En canto á súa evolución por capítulos con respecto aos gastos do orzamento de 2008, podemos destacar os seguintes feitos.

Por unha parte, os capítulos IV e IX experimentan os maiores incrementos relativos, aínda que con magnitudes moi diferentes.

No referente ao capítulo IV, que recolle as transferencias correntes, o seu incremento obedece fundamentalmente á achega de 900.000 €, consignada para o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar segundo convenio para a construción da gardaría no Campus de Vigo, á crecente participación da Universidade de Vigo en consorcios e fundacións de interese público e, por último, ao incremento no número e

contía das bolsas. Con respecto a esta última liña cómpre destacar que neste exercicio faise un especial esforzo por incrementar as bolsas de comedor tras varios anos con crecemento moderado.

Polo que respecta ao capítulo IX, o forte incremento que experimenta reflicte o peso das amortizacións de anticipos. Este feito tenderá a ser crecente no tempo, xa que, tras o período de carencia inicial, comezan a vencer os préstamos aos que concorreu a Universidade en convocatoria pública nunhas condicións financeiras moi favorables. Non obstante, lembremos que a Xunta, a través dos convenios asinados coa Consellaría de Innovación e Industria, financia máis do 50 % dos importes do capítulo IX. Finalmente, os capítulos I, II, e VI, que representan preto do 95 % da totalidade do gasto, son os que medran en menor proporción, cunha taxa de crecemento negativa no caso dos investimentos

consignados no capítulo VI. Con respecto a este resultado, cómpre aclarar que unha boa parte dos programas de actuacións que no 2008 estaban consignados no capítulo 6, artigo 64, pasan ao capítulo II e IV, ao seguir as recomendacións da auditoría contable.

No cadro 4 podemos observar outro indicador da situación financeira que presenta a Universidade de Vigo. Obtense comparando os saldos das operacións correntes e de capital, que serán en todo caso de igual contía pero de signo contrario.

Cadro 4: ORZAMENTO 2009 POR CAPÍTULO DE GASTO E INGRESO

COMPARACIÓN DE SALDOS CORRENTES E DE CAPITAL

Capítulos orzamentarios	Ingresos	Gastos	Capítulos orzamentarios
III. Prezos públicos	15.770.018	94.686.294	I. Persoal
IV. Transferencias correntes	111.979.609	29.569.581	II. Gastos correntes
V. Ingresos patrimoniais	1.185.000	73.003	III. Gastos financeiros
		7.319.181	IV. Transferencias correntes
Operacións correntes	128.934.627	131.648.059	Operacións correntes
SALDO CORRENTE	-2.713.432		SALDO CORRENTE
VII. Transferencias de capital	34.309.274	47.786.196	VI. Investimentos reais
VIII. Variación de activos financeiros	18.973.935	90.001	VIII. Activos financeiros
IX - Variación de pasivos financeiros	0	2.693.580	IX. Pasivos financeiros
Operacións de capital	53.283.209	50.569.777	Operacións de capital
SALDO CAPITAL	2.713.432		SALDO CAPITAL

Despois de varios exercicios nos que o saldo corrente era positivo, neste exercicio 2009 o resultado é un saldo de operacións correntes

negativo, o que indica que o ingreso corrente non é suficiente para financiar o gasto corrente.

3.2. Orzamento de gastos por programas

Este exercicio é un exercicio de transición cara a unha máis axeitada clasificación dos créditos orzamentarios da Universidade de Vigo. Este proceso durará aínda un par de exercicios orzamentarios máis.

A estrutura orzamentaria final terá:

- Un desenvolvemento da clasificación orgánica cun maior número de centros de gasto.
- Unha clasificación funcional en 5 programas:
 - Dirección da Universidade
 - Infraestruturas e equipamento
 - Docencia
 - Investigación
 - Extensión universitaria

Cada programa funcional poderá desenvolverse mediante subprogramas segundo as necesidades de xestión de cada centro de gasto.

- Unha clasificación económica de gasto que atenda á natureza do gasto, ben diferente da actual onde se mesturan centros de gasto, programas funcionais ou gastos en función do seu financiamento e da súa natureza.

Con iso preténdese:

- Unha homoxeneización das clasificacións do gasto da Universidade (programas funcionais e clasificación económica) respecto ás utilizadas polo resto do sector público, de tal xeito, que permita unha fácil consolidación das contas do sector público. Existe un grupo de traballo das tres universidades galegas que traballa neste sentido.
- Un adecuado seguimento da execución do gasto, que trata de que todos os programas de gasto (clasificación orgánica e programa

funcional) teñan un responsable da súa execución (clasificación orgánica)

- Unha maior flexibilidade na xestión orzamentaria xa que unha boa parte das restricións orzamentarias aos efectos de modificacións establécense no ámbito de programa funcional. Dispor de cinco programas funcionais simplifica calquera movemento nas partidas de gasto entre os diferentes programas de gasto. Tamén as restricións entre subprogramas de gasto son menores.

No avance cara a esta estrutura, no exercicio 2009 procédese a facer un primeiro desenvolvemento da clasificación nos Servizos Centrais:

0000. Reitoraría/Xerencia
00CS. Consello Social
00TG. Tribunal de Garantías
00PL. Vicerreitoría de Planificación
00IN. Vicerreitoría de Relacións Institucionais
00IC. Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade
00TI. Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea
00LI. Centro de Linguas

Así mesmo, créanse os programas funcionais 421S. Goberno e Administración da Universidade e 311V. Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento. O resto de programas de gasto (investigación, extensión, profesorado etc.) mantéñense coa estrutura anterior.

A relación de clasificacións orzamentarias tras as modificacións expostas é a seguinte:

Orgánica	Funcional	Denominación
0000	421S	Servizos de xestión centralizada
0000	311V	Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento-Xerencia
0000	211D	Docencia e alumnado
0000	211M	Formación e innovación educativa
00TI	421S	Actuacións para a posta en marcha de novas ensinanzas oficiais
00IN	421S	Relacións Institucionais
00IC	421S	Innovación e calidade
00IC	311V	Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamiento-TIC e laboratorios docentes
00PL	311V	Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamiento-planificación
00LI	421S	Centro de Linguas
0022	122I	Formación de investigadores
0022	122F	Fomento de proxectos de investigación
0022	311V	Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamiento-investigación
Proxec.	122P	Proxectos de investigación con financiamento externo
0033	122F	Oficina de I+D
EMT1	122F	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla
CAT1	122F	Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación-CACTI
BUV1	122B	Biblioteca Universitaria
ORI1	211R	Accións de intercambio
0023	211E	Actividades culturais e solidariedade-Campus de Vigo
0023	211A	Actividade física e deportiva-Campus de Vigo
PON1	421S	Servizos de xestión centralizada-Campus de Pontevedra
PON1	311V	Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamiento-Campus de Pontevedra
PON1	211A	Actividade física e deportiva-Campus de Pontevedra
PON1	211E	Actividades culturais e solidariedades-Campus de Pontevedra
OUR1	421S	Servizos de xestión centralizada do Campus de Pontevedra
OUR1	311V	Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamiento-Campus de Ourense
OUR1	211A	Actividade física e deportiva-Campus de Ourense
OUR1	211E	Actividades culturais e solidariedades-Campus de Ourense
CITI	122F	Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-CITI de Ourense
00CS	421S	Consello Social
00TG	421S	Tribunal de Garantías
Centros	421S	Servizos de xestión descentralizada
Depart.	122H	Departamentos

A evolución cuantitativa dos programas recóllese no cadro 5:

CADRO 5: EVOLUCIÓN DOS PROGRAMAS DE GASTO PARA 2009					
PROGRAMAS				Incremento bruto	Taxa de incremento
Org.	Func.	2009 (A)	2008 (B)	(A-B=C)	(C/B)
0000	421S	98.452.998	91.635.403	6.817.595	7,4%
0000	311V	7.442.000	5.440.006	2.001.994	36,8%
00CS	421S	406.850	395.000	11.850	3,0%
00TG	421S	37.000	36.000	1.000	2,8%
0000	211D	757.730	868.885	-111.155	-12,8%
0000	211M	578.208	462.756	115.452	24,9%
00TI	421S	438.000	608.000	-170.000	-28,0%
00IN	421S	1.523.445	1.424.708	98.737	6,9%
00IC	421S	1.134.287	1.492.000	-357.713	-24,0%
00IC	311V	2.935.000	2.805.000	130.000	4,6%
00PL	311V	8.320.138	9.738.097	-1.417.959	-14,6%
00LI	421S	283.000	275.000	8.000	2,9%
0022	122I	1.838.000	1.637.000	201.000	12,3%
0022	122F	4.510.080	3.686.326	823.754	22,3%
0022	311V	8.000.000	12.964.152	-4.964.152	-38,3%
Proxec.	122P	17.704.375	15.894.638	1.809.737	11,4%
0033	122F	341.400	331.500	9.900	3,0%
EMT1	122F	188.662	173.682	14.980	8,6%
CAT1	122F	808.000	789.880	18.120	2,3%
BUV1	122B	2.961.060	2.897.560	63.500	2,2%
ORI1	211R	3.309.137	2.196.025	1.113.112	50,7%
0023	211E	854.550	831.700	22.850	2,7%
0023	211A	439.800	424.760	15.040	3,5%
PON1	421S	256.318	245.400	10.918	4,4%
PON1	311V	3.309.091	3.684.381	-375.290	-10,2%
PON1	211A	160.750	162.850	-2.100	-1,3%
PON1	211E	293.127	290.687	2.440	0,8%
OUR1	421S	716.977	808.006	-91.029	-11,3%
OUR1	311V	3.276.095	2.748.058	528.037	19,2%
OUR1	211A	242.200	239.200	3.000	1,3%
OUR1	211E	424.000	259.500	164.500	63,4%
CITI	122F	162.280		162.280	---
Centros	421S	8.020.416	6.764.797	1.255.619	18,6%
Depart.	122H	2.092.862	1.972.715	120.147	6,1%
TOTAIS		182.217.836	174.183.672	8.034.164	4,6%

As dúas últimas columnas recollen os incrementos brutos e relativos con respecto á súa dotación no exercicio anterior. En xeral, podemos falar de incrementos moderados en todos os programas de gasto.

Fixémonos que algunha das anteriores clasificacións orgánicas aparecen subdivididas en dúas novas: unha que recolle a dotación e o mantemento de infraestruturas e equipamento e outras de Servizos Centrais e outra que recolle soamente o capítulo II, IV e VI que non son dotación ou equipamento. Este é o caso das funcionais 311V e 421S das orgánicas de Servizos centrais (0000), de Innovación e Calidade (00IN), de Pontevedra (PON1) e de Ourense (OUR1). Así mesmo, Fomento de Proxectos de Investigación (0022) ten as funcionais 122F e 311V.

Os programas con maiores incrementos en termos relativos son o Programa de acción de intercambio, o Programa de dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento de Servizos Centrais, o de Formación e innovación educativa, o de Fomento de proxectos de investigación, o Programa de centros e o de Actividades culturais e solidariedade do Campus de Ourense, xa que recolle este ano as aportacións que neste eido realiza a Deputación de Ourense. Reflicten, polo tanto, a aposta da institución pola internacionalización, a investigación e a docencia.

Pasamos a continuación a describir os obxectivos e principais contidos dos distintos programas, e faise fincapé nas principais propostas/cambios que presenten.

FOMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIGACION

Nos orzamentos de 2009 esta orgánica experimenta un lixeiro incremento respecto á súa dotación no exercicio de 2008.

No referente ás axudas a equipos de investigación, o incremento que experimenta este ano é co obxectivo de iniciar o Programa de incorporación de doutores, que foran seleccionados nos programas nacional e autonómico, con paquetes de benvida que inclúen espazo e dotación orzamentaria. O resto das axudas, que xa foron atendidas en exercicios

anteriores, experimentan subidas moderadas que se sitúan en torno ao 3%.

Incrementábase o capítulo IX, amortización de préstamos a longo prazo, debido aos vencementos dos préstamos MEC. Lembremos que son préstamos obtidos en condicións moi vantaxosas: tres anos de carencia e taxa de xuro cero. Cómpre sinalar os convenios nos que a Xunta de Galicia se compromete a financiar os anticipos MEC, e concrétese a citada axuda na aportación anual para a devolución destes.

Programa: Fomento de proxectos de investigación

Orgánica: 0022. Servizo de Apoio á Investigación- Funcional 122F

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material subministración e outros			80.500
	220		Material de oficina		10.000	
	226		Gastos diversos		17.500	
		226.01	Atencións protocolarias	1.500		
		226.02	Publicidade e propaganda	10.000		
		226.99	Gastos diversos	6.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		40.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	40.000		
	228		Cursos e conferencias		13.000	
		228.02	Conferencias	13.000		
23			Indemnización por razón de servizos			10.000
	230		Axudas de custo e locomoción		10.000	
		230.01	Administración	10.000		
27			Publicacións			140.000
	270		Edicións e publicacións		140.000	
Total capítulo II						230.500
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen lucro			6.000
	484		Outras		6.000	
		484.04	Subvencións actividades desenvolvemento	6.000		
Total capítulo IV						6.000
Capítulo VI. Investimentos reais						
64			Gastos investimento carácter inmaterial			1.580.000
	641		Axuda xeral investigación		1.580.000	
		641.02	Axudas equipos investigación	1.580.000		
Total capítulo VI						1.580.000
Capítulo IX. Variación pasivos financ.						
91			Prestamos recibidos			2.693.580
	911		Amortización préstamos a longo prazo		2.693.580	
Total capítulo IX						
TOTAL CRÉDITOS						4.510.080

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Investimento asociados ao funcionamento serv.			8.000.000
	622		Edifícios e construcións		7.600.000	
	623		Maquinaria e equipamento		400.000	
Total capítulo VI						8.000.000
TOTALCRÉDITOS						8.000.000

Por partidas, o volume máis importante acádano as partidas dedicadas á adquisición e realización de infraestruturas de investigación que, concretamente, son as partidas 622 e 623. Este gasto é posible grazas á captación por parte da institución de fondos Feder e da participación nas convocatorias do Ministerio de Educación e de Parques Científico-Tecnolóxicos.

Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento de investigación

Os gastos deste programa están dedicados tanto á adquisición de equipos centralizados de investigación e rede informática como a obras de infraestrutura. As máis salientables para o exercicio de 2009 son: o módulo de ampliación do CACTI, en construción, o módulo tecnolóxico industrial que se atopa en fase de execución, o módulo de animalario e servizos biosanitarios que está en fase de construción,

o centro de investigacións biomédicas que está en fase de deseño e o Centro de Investigacións Tecnolóxicas.

Como xa se explicou antes, todas estas obras e equipamento son realizadas con financiamento externo acadado en competencia. Este ano, por prudencia orzamentaria, unicamente se dotan as infraestruturas que xa teñen financiamento acadado. A única excepción é o Centro de Investigacións Tecnolóxicas, que está actualmente en fase de avaliación, polo que se non acada financiamento non poderá realizarse.

Isto non impide que se poidan levar a cabo actuacións non recollidas no orzamento e para as que se acada financiamento externo: bastaría cunha sinxela operación de xeneración de crédito para que se puidese dotar a partida correspondente á actuación que se pretende realizar.

OFICINA DE I+D

A dotación desta clasificación orgánica para 2009 continúa a dar apoio ás actividades desenvolvidas pola Oficina de I+D que engloban cuestións como a promoción da interrelación entre a Universidade e a empresa para a realización de actividades de I+D, a xestión das actividades contratadas

de I+D con asesoramento, negociación e tramitación dos contratos, o asesoramento sobre a xestión da propiedade industrial, a xestión de proxectos internacionais de I+D ou a execución de proxectos de transferencia tecnolóxica, entre outras encomendas.

Programa: Fomento proxectos investigación

Orgánica: 0033. Oficina de I+D- Funcional 122F

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
21			Reparación e conservación			700
	215		De mobiliario e equipamento		700	
22			Material, subministración e outros			90.200
	220		Material de oficina		9.000	
	222		Comunicacións		3.000	
	226		Gastos diversos		30.200	
		226.01	Atencións protocolarias	4.200		
		226.02	Publicidade e propaganda	25.000		
		226.99	Outros gastos	1.000		
	227		Traballos realizados por outras empresas		40.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	40.000		
	228		Cursos e conferencias		8.000	
		228.02	Conferencias	8.000		
23			Indemnización por razón de servizos			25.000
	230		Dietas e locomoción		25.000	
		230.01	Administración	25.000		
Total capítulo II						115.900
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Investimentos asoci. funcionamento servizos			7.500
	625		Mobiliario e equipamento		7.500	
64			Gastos inversións carácter inmaterial			218.000
	641		Axuda xeral investigación		218.000	
		641.06	Axuda transferencia resultados investigación	218.000		
Total capítulo VI						225.500
TOTAL CRÉDITOS						341.400

C.A.C.T.I.

O orzamento do CACTI mantén unha liña de continuidade respecto do ano anterior.

Confírmase a necesidade dun elevado orzamento para reparación e conservación de equipamento, debido ao volume do parque

científico instalado e ao elevado ritmo de uso e desgaste dos equipos máis vellos. Mantense a necesidade dunha partida de traballos realizados por outras empresas para dar continuidade ó proceso xa iniciado de solicitude da credencial dos servizos prestados polo CACTI.

Programa: Fomento proxectos investigación

Orgánica: CAT1. CACTI-funcional: 122 F

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
21			Reparación e conservación			299.000
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		280.000	
	215		De mobiliario e equipamento		19.000	
22			Material, subministración e outros			381.000
	220		Material de oficina		12.000	
	221		Subministracións		350.000	
		221.01	De servizos administrativos	350.000		
	226		Gastos diversos		1.000	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		18.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	18.000		
23			Indemnización por razón de servizos			6.000
	230		Axudas de custo e locomoción		6.000	
		230.01	Administración	6.000		
Total capítulo II						686.000
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen fins de lucro			72.000
	482		Bolsas		72.000	
		482.08	Bolsas apoio centros tecnolóxicos	72.000		
Total capítulo IV						72.000
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			50.000
	625		Mobiliario e equipamento		50.000	
Total capítulo VI						50.000
TOTAL CRÉDITOS						808.000

Programa: Fomento de proxectos de investigación
Orgánica: EMT1 Est. Ciencias Mariñas Toralla - Funcional: 122 F

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e serv.						
21			Reparación e conservación			50.662
	212		De edificios e construcións		16.181	
	213		De maquinaria, instalacións e materiais		34.481	
22			Material, subministración e outros			127.000
	220		Material de oficina		4.000	
	221		Subministracións		54.000	
		221.01	De servizos administrativos	54.000		
	226		Gastos diversos		19.000	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	4.000		
		226.99	Outros gastos	14.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		50.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	50.000		
23			Indemnización por razón de servizos			1.000
	230		Axudas de custo e locomoción		1.000	
		230.01	Administración	1.000		
Total capítulo II						178.662
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			10.000
	625		Mobiliario e equipamento		10.000	
Total capítulo VI						10.000
TOTAL CRÉDITOS						188.662

PROXECTOS DE INVESTIGACION CON FINANCIAMIENTO EXTERNO

Os datos de concesións de proxectos fan pensar razoablemente nunha notable suba de ingresos e gastos en cada un dos capítulos correspondentes a esta funcional, o que queda reflectido na seguinte táboa.

Como xa se anticipou, este programa recolle a dotación de 135.000 € para o p Programa especial de promoción da Investigación no Campus de Ourense, e que financia a Deputación de Ourense.

Programa: Proxectos investigación financiamento externo
Orgánica: Segundo proxectos - Funcional: 122P

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo VI. Inversións reais						
64			Gastos investimento carácter inmaterial			17.704.375
	644		Prog. inv. MEC		1.739.375	
	645		Prog. inv. XUNTA		7.500.000	
	646		Prog. inv. cofinanciados MCT		4.500.000	
	647		Prog. inv. outros organismos		165.000	
	648		Contratos investigación		3.800.000	
Total capítulo VI						17.704.375
TOTAL CRÉDITOS						17.704.375

FORMACION DE INVESTIGADORES

Aparecen recollidas neste programa todas as liñas propias de axuda para a formación dos investigadores, centradas basicamente no terceiro ciclo e nas actividades formativas complementarias, como reunións científicas, estadias e outras.

Dáselle continuidade á liña nova de axudas posta en marcha no 2008 relativas á formación de investigadores en áreas con dificultade para captaren investigadores. Lembremos que

se trata de facer un esforzo na formación de doutores nas áreas que presenten escasez destes co obxectivo de formar doutores que poidan concorrer ás convocatorias (Ángeles Alvareño en primeiro lugar) encamiñadas a formar investigadores competitivos. Este programa, xunto cos incentivos dirixidos aos programas de doutoramento para acadar a mención de calidade, supoñen unha parte importante do incremento nas axudas.

Programa: Formación de investigadores						
Orgánica: 0022 Servicio de Apoio á Investigación - Funcional: 122 I						
ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
			Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos			
22			Material, subministración e outros			13.000
	227		Traballos realizados outras empresas		13.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	13.000		
23			Indemnización por razón de servizos			210.000
	230		Axudas de custo e locomoción		210.000	
		230.02	Teses doutoramento	210.000		
			Total capítulo II			223.000
			Cap. IV. Transferencias correntes			
48			Familias e institución sen lucro			865.000
	481		Bolsas formación invest. e profesorado		360.000	
		481.01	Bolsas de viaxe	200.000		
		481.02	Bolsas estadias	160.000		
	482		Bolsas		505.000	
		482.02	Bolsas terceiro ciclo/posgrao	505.000		
			Total capítulo IV			865.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
64			Gastos inversións carácter inmaterial			750.000
	641		Axuda xeral investigación		750.000	
		641.03	Axudas formación de investigadores/as	530.000		
		641.05	Reunións científicas	220.000		
			Total capítulo VI			750.000
			TOTAL CRÉDITOS			1.838.000

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA

O orzamento do programa Biblioteca Universitaria para o ano 2009 baséase nun esforzo de contención do gasto xa que o incremento tan só representa un 2,19% con respecto a 2008. Neste contexto, e como trazos principais da súa orientación, o orzamento intenta garantir o mantemento da biblioteca dixital (é dicir, das revistas electrónicas e bases de datos) e os mesmos niveis de gasto en adquisicións bibliográficas en soporte tanxible do ano 2008. No caso da biblioteca dixital hai que lembrar que dende 2004 a Universidade de Vigo actúa contratando recursos electrónicos coas outras dúas Universidades do SUG a través do Consorcio Bugalicia, o cal esixe transferir a Bugalicia as cantidades que lle corresponde pagar polo feito da contratación conxunta. O terceiro gran compoñente do orzamento remite os gastos asociados ao mantemento e mellora das instalacións físicas da rede de bibliotecas da Universidade de Vigo, así como do seu equipamento, imprescindibles para desenvolver a súa tarefa de apoio á aprendizaxe e o estudo.

Dentro deste contexto xeral, o programa de actuacións que se pretende financiar co orzamento aprobado remite ás seguintes liñas específicas de acción:

- O mantemento da oferta de recursos de información (impresos e electrónicos) que a Biblioteca pon a disposición da comunidade universitaria, así como a provisión dos servizos asociados (préstamo, préstamo interbibliotecario, referencia e información bibliográfica, formación de usuarios, etc.).
- Os compromisos coa cooperación bibliotecaria entre as tres universidades do SUG a través do Consorcio Bugalicia.
- O mantemento e mellora do Sistema de Xestión da Calidade ISO 9001:2000.
- Continuación do programa de dixitalización de documentos esenciais da institución para a súa protección iniciado en 2008 polo Arquivo Universitario.

Programa: Biblioteca Universitaria
 Orgánica: BUV1 - Funcional: 122 B

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes bens e servizos						
20			Arrendamentos			9.600
	209		Licenzas		9.600	
21			Reparación e conservación			61.200
	212		De edificios e outras construcións		61.200	
22			Material, subministración e outros			451.260
	220		Material de oficina		56.100	
	221		Subministracións		340.160	
		221.01	De servizos administrativos	110.160		
		221.23	Medios bibliográficos dixitais	230.000		
	222		Comunicacións		6.300	
	226		Gastos diversos		4.500	
		226.09	Cotas organismos	4.500		
	227		Traballos realizados outras empresas		44.200	
		227.06	Estudios e traballos técnicos	40.000		
		227.09	Outros	4.200		
23			Indemnización por razón de servizos			4.000
	230		Axudas de custo e locomoción		4.000	
		230.01	Administración	4.000		
Total capítulo II						526.060
Capítulo IV. Transferencias correntes						
44			A socied. Mercant. est. entid. Sen lucro, etc.			822.000
	444		Convenios con entidades públicas		822.000	
Total capítulo IV						822.000
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Invest. asociado funcionamento servizos			1.613.000
	625		Mobiliario e equipamento		106.000	
	628		O.I.M. Biblioteca		1.507.000	
		628.02	Fondos bibliográficos	1.507.000		
Total capítulo VI						1.613.000
TOTAL CRÉDITOS						2.961.060

DEPARTAMENTOS

O programa de departamentos inclúe o subconcepto 641.00 " Terceiro Ciclo". A distribución deste importe correrá a cargo, como ata o de agora, da Comisión de Terceiro Ciclo.

No 2009 o Programa de departamentos experimenta un crecemento do 6%, sendo o principal incremento o que se produce no subconcepto 641.01 "Producción científica", cun incremento do 10% e unha dotación global de 885.500€. A cantidade asignada por produción docente queda fixada en 370.000€.

O resto das partidas experimentan crecementos máis moderados. Os créditos que van recibir os departamentos serán os seguintes:

a) Capítulo II – Concepto e subconceptos 220, 226.01, 228.02 e 230.05: repartiranse 347.715 euros segundo o profesorado e a dedicación.

b) Capítulo II – Subconcepto 230.06 (axudas de custo intercampus): repartiranse 60.000 euros, segundo a docencia intercampus de cada trimestre.

c) Capítulo II – Subconcepto 280.01 (Producción docente dos departamentos): repartiranse 370.000 euros segundo os indicadores de calidade calculados pola Vicerreitoría de Innovación e Calidade.

d) Capítulo VI – Subconcepto 641.01 (Producción científica): A cantidade que se vai repartir é de 885.500 euros, segundo os resultados de investigación calculados pola Vicerreitoría de Investigación.

Subconcepto 641.00 (terceiro ciclo): A cantidade que se vai repartir é de 412.000.-€, segundo os criterios da comisión de terceiro ciclo.

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministración e outros			296.167
	220		Material de oficina		132.261	
	222		Comunicacións		5.280	
	223		Transportes		600	
	226		Gastos diversos		87.434	
		226.01	Atencións protocolarias	81.909		
		226.99	Outros gastos	5.525		
	227		Traballos realizados por outras empresas		4.768	
		227.09	Outros	4.768		
	228		Cursos e conferencias		65.524	
		228.02	Conferencias	65.524		
	229		Extensión universitaria		300	
		229.07	Outras actividades	300		
23			Indemnización por razón de servizos			107.651
	230		Axudas de custo e locomoción		107.651	
		230.05	Consellos de departamentos	47.651		
		230.06	Desprazamentos docentes	60.000		
28			Plan de Calidade Docente			370.000
	280		Produción docente		370.000	
		280.01	Produción docente dos departamentos	370.000		
Total capítulo II						773.818
Cap. VI. Inversións reais						
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			21.544
	625		Mobiliario e equipamento		21.544	
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			1.297.500
	641		Axuda xeral a investigación		1.297.500	
		641.00	Terceiro Ciclo/Posgrao	412.000		
		641.01	Gastos de investigación dos departamentos	885.500		
Total capítulo VI						1.319.044
TOTAL CRÉDITOS						2.092.862

NOVAS TECNOLOXIAS E CALIDADE

O Programa de novas tecnoloxías e calidade continúa desenvolvendo as liñas de acción do plan de calidade docente dentro do cal se pode destacar a dotación de bolsas de aulas informáticas de centro e campus, e as bolsas de calidade docente.

Tamén se poden destacar os programas de calidade destinados a axudar os centros a implementar os sistemas de garantía de

calidade de centro e o sistema de avaliación do profesorado (AUDIT e DOCENTIA) tidos en conta na avaliación da calidade dos títulos enmarcados no EEES. Por último, o Plan de mellora dos sistemas informáticos da universidade, que mantén os esforzos en renovación e reforzamentos dos sistemas informáticos de xestión e investigación, incluídos equipos e programas.

Programa: Novas tecnoloxías e calidade						
Orgánica: 001C Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade- Funcional: 421S						
ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministración e outros			519.000
	22*		Resto artigo 22		100.000	
	220		Material de oficina		12.000	
	226		Gastos diversos		30.000	
		226.99	Gastos diversos	30.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		375.000	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	375.000		
	228		Cursos e conferencias		2.000	
		228.02	Conferencias	2.000		
23			Indemnización por razón de servizos			20.000
	23*		Resto artigo 23		20.000	
Total capítulo II						539.000
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen lucro			520.287
	482		Bolsas		520.287	
		482.05	Bolsas de informática centros-PC	350.287		
		482.16	Bolsas de avaliación docente-Bolseiros enquisas	110.000		
		482.24	Bolsas dos programas de calidade-CEES	60.000		
Total capítulo IV						520.287
Capítulo VI. Investimentos reais						
64			Gastos de investimento de carácter inmaterial			75.000
	64*		Resto artigo 64		75.000	
Total capítulo VI						75.000
TOTAL CRÉDITOS						1.134.287

Subprograma: Mellora Calidade Centros**00IC. Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade - Funcional: 421SMCC**

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
			Cap. II. Gastos correntes bens e servizos			
22			Material, subministracións e outros			100.000
23			Indemnización por razón de servizos			20.000
			Total capítulo II			120.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
64			Gastos invest. Carácter inmaterial			75.000
			Total capítulo VI			75.000
			TOTAL CRÉDITOS			195.000

Programa: Dotación e mantemento de infraestruturas e equipamento**Orgánica: 00IC. Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade - Funcional: 311V**

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
			Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos			
21			Reparación e conservación			200.000
	213		De maquinaria, instalación e materiais		60.000	
	215		De mobiliario e equipamento		140.000	
		215.04	De equipos informáticos unidade admin.	140.000		
22			Material, subministración e outros			700.000
	222		Comunicacións		700.000	
			Total capítulo II			900.000
			Capítulo VI. Inversións reais			
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			2.035.000
	623		Maquinaria, instalacións e utensilios		50.000	
	625		Mobiliario e equipamento		200.000	
	626		Equipamento de laboratorios docentes		1.785.000	
			Total capítulo VI			2.035.000
			TOTAL CRÉDITOS			2.935.000

Este programa incorpora en 2009 a dotación dos laboratorios docentes, financiando este equipamento cun importe total de 1,785 millóns

de euros, dos cales 30.000€ corresponden a dotación de laboratorios da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

RELACIONS INSTITUCIONAIS

O Programa de relacións institucionais contén dúas clasificacións orgánicas, nomeadamente 00IN e 00LI que dan apoio a distintos servizos da Universidade de Vigo. Desta vicerreitoría depende, ademais, o programa 211R da Oficina de Relacións Internacionais.

Na primeira das clasificacións orgánicas contéplanse distintos gastos da Vicerreitoría de Relacións Institucionais, entre os cales

destacamos as partidas correspondentes á CIUG e a Normalización lingüística. A CIUG consolida o importe asignado nos exercicios 2007 e 2008, no cal houbera unha redución froito do estudo do gasto executado nos últimos anos. En liñas xerais mantense as cantidades do exercicio anterior, con pequenos incrementos nas partidas de Publicidade e Propaganda e Normalización Lingüística.

Programa: Relacións Institucionais						
Orgánica: 00IN. Vicerreitoría de Relacións Institucionais - Funcional: 421S						
ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministración e outros			1.180.100
	220		Material de oficina		8.000	
	226		Gastos diversos		932.600	
		226.01	Atencións protocolarias	7.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	560.000		
		226.09	Cotas organismos	600		
		226.12	CIUGA	250.000		
		226.99	Gastos diversos	115.000		
	227		Traballos realizados outras empresas		72.500	
		227.06	Estudos e traballos técnicos	57.500		
		227.09	Outros	15.000		
	228		Cursos e conferencias		167.000	
		228.02	Conferencias	7.000		
		228.08	Normalización lingüística	160.000		
23			Indemnización por razón de servizos			26.741
	230		Axudas de custo e locomoción		26.741	
		230.01	Administración	26.741		
Total capítulo II						1.206.841
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen fins de lucro			30.000
	482		Bolsas		30.000	
		482.21	Bolsas de normalización lingüística	30.000		
Total capítulo IV						30.000
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			20.000
	625		Mobiliario e equipamento		20.000	
64			Gastos investigación de carácter inmaterial			266.604
	647		Prox. Investigación financiados outros org		266.604	
		647.04	Cátedras	266.604		
Total capítulo VI						286.604
TOTAL CRÉDITOS						1.523.445

CENTRO DE LINGUAS

Por outra banda a clasificación orgánica OOLI, que dá apoio ás actividades do Centro de Linguas da Universidade de Vigo, mantense tamén na liña do exercicio do ano 2008.

Consolidase, xa que logo, a oferta formativa

que se ofrece desde o Centro de Linguas ao persoal de administración e servizos, estudantes e persoal docente e investigador, á sociedade e como apoio á mobilidade da comunidade universitaria.

Programa: Centro de Linguas

Orgánica: OOLI. Centro de Linguas- Funcional: 421S

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministración e outros			274.000
	220		Material de oficina		8.000	
	226		Gastos diversos		26.000	
		226.01	Atencións protocolarias	1.000		
		226.99	Gastos diversos	25.000		
	228		Cursos e conferencias		240.000	
		228.02	Conferencias	240.000		
23			Indemnización por razón de servizos			2.000
	230		Axudas de custo e locomoción		2.000	
		230.01	Administración	2.000		
Total capítulo II						276.000
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			7.000
	625		Mobiliario e equipamento		7.000	
Total capítulo VI						7.000
TOTAL CRÉDITOS						283.000

OFICINA RELACIÓN INTERNACIONAIS (ORI)

A Oficina de Relacións Internacionais actúa como ligazón entre algúns dos ámbitos competenciais da Vicerreitoría de Relacións Institucionais. Xestora de plans de actuación e sinatura de novos convenios nos países emerxentes (China, India, Brasil, por exemplo), fomenta a mobilidade de alumnado nesas direccións e emprega o Centro de Linguas como instrumento complementario para facilitar o acceso.

Este programa experimenta en 2009 un incremento en números absolutos de máis de un millón de euros sobre o orzamento do exercicio do 2008, se ben é da mesma orde que o gasto real do exercicio do 2008. Esta diferenza entre orzamento e gasto de execución vén derivada das importantes achegas obtidas desde distintas entidades públicas e privadas que non estaban inicialmente previstas no orzamento do ano 2008. Continúase, por tanto, na liña ascendente dos últimos anos, que sitúa á ORI da Universidade de Vigo nun primeiro plano dentro do SUG e do Estado.

A evolución orzamentaria está igualmente en consonancia co crecemento continuado da actividade da ORI. Os datos de anos precedentes levan a facer unha previsión de case 600 estudantes e 100 docentes que participarán nos diversos programas de mobilidade da

Axencia Nacional Erasmus e da Axencia Española de Cooperación Internacional, así como a través dos proxectos de cooperación interuniversitaria que se aproben para realizar durante 2009 actividades en América latina. Por outra banda, o programa reflicte o curso da participación en actividades e programas que requiren cofinanciamento, como poden ser os programas TEMPUS, nos cales o referente ao desenvolvemento de Oficinas de Relacións Internacionais IGBRIU remata en novembro, e véñse de conceder un novo programa relacionado coa calidade universitaria baixo o nome MUQ. Cómpre salientar tamén as diversas actuacións Jean Monnet, sobre as cales a Universidade de Vigo ten o recoñecemento de Centro de Excelencia.

Tal e como se establece nas normas de execución, este programa vaise realizar mediante subprogramas nos que se van reflectir as distintas actuacións levadas a cabo para as accións de intercambio tanto de estudantes, de persoal docente e investigador, ou persoal de administración e servizos. As axudas á mobilidade a través de distintos convenios coa Xunta de Galicia ou entidades financeiras, vense reforzados cun incremento na dotación de bolsas para programas propios de mobilidade.

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACI3N DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministraci3n e outros			808.337
	220		Material de oficina		6.000	
	226		Gastos diversos		767.337	
		226.01	Atenci3ns protocolarias	5.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	10.000		
		226.09	Cotas organismos	11.000		
		226.99	Gastos diversos	741.337		
	228		Cursos e conferencias		10.000	
		228.07	Cursos de idiomas	10.000		
	229		Outras actividades		25.000	
		229.07	Outras actividades	25.000		
23			Indemnizaci3n por raz3n de servizos			30.000
	230		Axudas de custo e locomoci3n		30.000	
		230.01	Administraci3n	30.000		
Total capitulo II						838.337
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e instituci3ns sen fins de lucro			117.800
	486		Outras bolsas		117.800	
		486.01	Bolsas de formaci3n ORI	20.800		
		486.02	Bolsas TS docentes-PAS	97.000		
49			O exterior			2.349.000
	492		Bolsas de intercambio		2.349.000	
Total capitulo IV						2.466.800
Capítulo VI. Inverstimentos reais						
62			Invest. asoc. funcionamento servizos			4.000
	625		Mobiliario e equipamento		4.000	
Total capitulo VI						4.000
TOTAL CRÉDITOS						3.309.137

ACTIVIDADES CULTURAIS E SOLIDARIEDADE

Culminado o proceso de descentralización, o obxectivo deste programa é consolidar a actividade cultural nos tres campus, respectando a singularidade de cada un, e apoiar a forte expansión que as actividades relacionadas co voluntariado e a acción social están experimentando. Seguindo a tendencia que xa se consolidou nos anos anteriores, dedicamos os recursos orzamentarios que aquí se reflicten a estimular unha oferta cultural diversa, de calidade e sensible ás tendencias da nosa contorna cultural, xeográfica e histórica.

As liñas de actuación prioritarias no eido da cultura, no que ao campus de Vigo se refire, centraranse en tratar de sacar o máximo partido aos espazos propios situados na Cidade Universitaria, co obxecto de consolidar hábitos culturais por parte de toda a comunidade universitaria a través das programacións de teatro e concertos. Por outra banda, tamén se fortalecerán as sinerxías xa consolidadas con outras administracións para achegar as diferentes ofertas culturais da cidade aos universitarios e universitarias. Manterase unha aposta forte polos ciclos Universium, que están a colocar á Universidade de Vigo como referente do debate e a reflexión sobre temas da máxima actualidade e interese para a cidadanía.

Continúa a manterse como unha acción prioritaria a actividade que se xenera ao redor da Área de

Igualdade, de tal xeito que dedicaremos recursos á difusión do Plan de igualdade que actualmente se está a impulsar, unha vez estea rematada a primeira fase. Será necesario implicar a toda a comunidade universitaria na posta en marcha das propostas que saian dese estudo.

A igualdade, entendida nun sentido amplo, lévanos a facer un esforzo na atención á diversidade, en particular a través de apoios ao estudantado con necesidades específicas (onde se rexistra un aumento da demanda), pero sen esquecer outros colectivos dentro e fóra da comunidade universitaria.

A previsión realizada reflicte a aposta por incentivar aquelas iniciativas que veñan da propia comunidade universitaria, e particularmente as dos estudantes, na organización de cursos, foros de debate e calquera outra proposta que sinala unha actividade dinamizadora, que aproveite o pulo das iniciativas individuais ou grupais. Isto materialízase formalmente nas convocatorias de extensión universitaria e complementa a programación de acontecementos culturais de todo tipo, que compete ás distintas vicerreitorías implicadas.

No seu conxunto, estas tres clasificacións orgánicas suman 1,571 millóns de euros, o que significa un incremento do 22 % respecto da cantidade consignada no exercicio anterior.

Programa: Actividades culturais e solidariedade

Orgánica: 0023. Servizo de Extensión Universitaria - Funcional: 211 E

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministración e outros			787.250
	220		Material de oficina		16.650	
	222		Comunicación		30.000	
	226		Gastos diversos		49.600	
		226.01	Atencións protocolarias	4.000		
		226.02	Publicidade e propaganda	45.000		
		226.09	Cotas organismos	600		
	227		Traballos realizados por outras empresas		74.000	
		227.09	Outros	74.000		
	228		Cursos e conferencias		252.000	
		228.00	Obradoiros	182.000		
		228.02	Conferencias	70.000		
	229		Extensión Universitaria		365.000	
		229.01	Actividades culturais	300.000		
		229.07	Outras actividades	15.000		
		229.10	Voluntariado	50.000		
23			Indemnización por razón de servizos			7.000
	230		Axudas de custo e locomoción		7.000	
		230.01	Administración	7.000		
Total capítulo II						794.250
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen fins de lucro			52.300
	482		Bolsas		12.300	
		482.11	Bolsas colaboradores	12.300		
	484		Outras		40.000	
		484.01	Subvencións asociacións estudantes	40.000		
Total capítulo IV						52.300
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Investimento asoc. funcionamento servizos			8.000
	625		Mobiliario e equipamento		8.000	
Total capítulo VI						8.000
TOTAL CRÉDITOS						854.550

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Capítulo II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministración e outros			265.355
	220		Material de oficina		3.090	
	222		Comunicacións		5.150	
	226		Gastos diversos		16.951	
		226.01	Atencións protocolarias	1.591		
		226.02	Publicidade e propaganda	15.360		
	227		Traballos realizados por outras empresas		9.270	
		227.09	Outros	9.270		
	228		Cursos e conferencias		72.100	
		228.00	Obradoiros	56.650		
		228.02	Conferencias	15.450		
	229		Extensión Universitaria		158.794	
		229.01	Actividades culturais	157.794		
		229.07	Outras actividades	1.000		
23			Indemnización por razón de servizos			2.000
	230		Axudas de custo e locomoción		2.000	
		230.01	De administración	2.000		
Total capítulo II						267.355
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen fins de lucro			15.772
	482		Bolsas		13.300	
		482.11	Bolsas colaboradores	13.300		
	484		Outras		2.472	
		484.01	Subvencións asociacións estudantes	2.472		
Total capítulo IV						15.772
Capítulo VI. Inversións reais						
62			Investimento asoc.funcionameto servizos			10.000
	625		Mobiliario e equipamento		10.000	
Total capítulo VI						10.000
TOTAL CRÉDITOS						293.127

ART.º	CTO.	SUBCTO.	DENOMINACIÓN DO GASTO	SUBCTO.	CTO.	ART.
Cap. II. Gastos correntes en bens e servizos						
22			Material, subministracións e outros			388.000
	220		Material de oficina		3.000	
	223		Transportes		20.000	
	226		Gastos diversos		11.000	
		226.02	Publicidade e propaganda	11.000		
	228		Cursos e conferencias		130.000	
		228.00	Obradoiros	110.000		
		228.02	Conferencias	20.000		
	229		Extensión Universitaria		224.000	
		229.01	Actividades culturais	224.000		
23			Indemnización por razón de servizos			2.000
	230		Axudas de custo e locomoción		2.000	
		230.01	Administración	2.000		
Total capítulo II						390.000
Capítulo IV. Transferencias correntes						
48			Familias e institucións sen fins de lucro			34.000
	482		Bolsas		14.000	
		482.11	Bolsas colaboradores	14.000		
	484		Outras		20.000	
		484.01	Subvencións asociacións estudantes	20.000		
Total capítulo IV						34.000
TOTAL CRÉDITOS						424.000

ACTIVIDADE FÍSICA E DEPORTIVA

No que toca ao Servizo de Deportes, continúaase apostando para que a práctica deportiva sexa un hábito de vida saudable para toda a comunidade universitaria. Por este motivo, os esforzos orzamentarios materialízanse en reforzar a Área de Deporte e Saúde, dispoñendo dun horario máis amplo de atención médico-deportiva para os usuarios e diversificando as actividades, que

- a) No capítulo I, os créditos destinados a incentivos ao rendemento (150, 151) que terán carácter vinculante a nivel de concepto.
- b) No capítulo II, serán vinculantes os seguintes subconceptos:
 - 226.01. Atencións protocolarias.
 - 226.02. Publicidade e propaganda.
 - 229.03. Delegación de alumnado.
 - 229.04. Prácticas de campo.
 - 230.06. Desprazamentos docentes.
 - 230.07. Axudas para mobilidade MEC, XUNTA, que recollerá axudas para mobilidade de estudantes e profesores financiadas con achegas do Ministerio de Educación e Ciencia e da Xunta de Galicia.
 - 233.03. Xunta de persoal docente.
 - 233.04. Xunta de persoal funcional PAS.
 - 233.05. Comité de empresa PAS laboral.
- c) No capítulo VI, os créditos destinados a equipamento de laboratorios docentes (626), e os clasificados no artigo 64 que terán a vinculación co nivel de desagregación que se indique no documento orzamentario.

2. Non entanto, terán carácter vinculante, co nivel de desagregación que apareza no estado de gastos, os créditos que teñan financiamento específico.

3. Non se poden adquirir compromisos de gastos por unha contía superior aos importes dos créditos autorizados no estado de gastos, e serán nulos de pleno dereito os actos administrativos e as disposicións xerais que infrinxan estas normas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan.

Artigo 5. Distribución dos créditos.

1. No exercicio orzamentario 2009 executaranse mediante subprogramas, ademais dos que xa se veñen executando deste xeito en exercicios

anteriores, os programas 421S, Goberno e administración da Universidade, e 300V, Dotación e mantemento de infraestruturas.

2. A carga do orzamento no Sistema de Información Contable (SIC) e no programa Auxiliar de Xestión Económica e Presupuestaria (XESTICONTA) farase distribuída por subprogramas en función do reflectido nos anexos.

3. Poderán crearse novos subprogramas unha vez aprobado o orzamento. Estes serán dotados mediante redistribución de crédito ou transferencia de crédito dentro do mesmo programa de gasto.

Artigo 6. Principios xerais nas modificacións de créditos.

1. Son modificacións de crédito as variacións que poden autorizarse nos créditos que financian o estado de gastos para adecualos ás necesidades que se produzan durante a execución do orzamento.

2. Todo acordo de modificación orzamentaria requirirá a instrución do oportuno expediente polo administrador de centro/ámbito/campus, director, xefe do servizo ou vicexerente segundo os créditos encomendados no artigo 14.1 destas normas, no que se expresarán os programas e conceptos afectados, así como o seu financiamento no caso de que a modificación implique aumento neto do gasto.

Artigo 7. Xeracións de crédito.

1. Os ingresos que acheguen persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, e que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos da Universidade, poderán xerar crédito no estado de gastos. Tamén poderán xerar crédito:

- a) O alleamento de bens patrimoniais da Universidade
- b) A prestación de servizos
- c) O reembolso de empréstitos
- d) O crédito do exterior para investimentos.

2. De existir partida dotada no orzamento inicial, os anteditos ingresos darán lugar á tramitación dun expediente de ampliación de créditos, sempre que se superen as previsións

orxamentarias ou se xustifique a súa non inclusión nas mesmas.

3. No expediente de xeración de crédito terá que constar a xustificación acreditativa de ingresos efectuados, así como a inexistencia de aplicación orxamentaria específica, se fose o caso. A Xerencia é o órgano competente para a aprobación destas modificacións e no caso de convenios ou resolucións de entidades públicas pode autorizar a xeración de crédito dando credencial do compromiso do ingreso mediante copia do convenio asinado ou da resolución. O xerente debe dar conta periodicamente destas modificacións ao Consello de Goberno.

Artigo 8. Transferencias de crédito

1. Consisten no traspaso da totalidade ou parte dos créditos dun concepto orxamentario a outro do orzamento de gastos, é dicir, na minoración dun ou varios conceptos en favor doutro ou doutros que aumentan globalmente na mesma contía. A proposta de diminución dun crédito dos que teñen financiamento xenérico ha de garantir que, no crédito minorado, quede consignación suficiente para atender os gastos previstos ata o final do exercicio.

2. As transferencias de crédito estarán suxeitas ás seguintes limitacións xerais:

- a) Non poderán minorarse créditos que fosen incrementados mediante transferencia.
- b) Non poderán afectar a créditos incorporados como consecuencia de remanentes non comprometidos en exercicios anteriores.
- c) Non incrementarán créditos que, como consecuencia doutras transferencias, fosen obxecto de minoración.
- d) Non poderán afectar a créditos con financiación específica, agás autorización, que haberá de acreditarse no expediente do ente financiador.

3. Así mesmo, non poden minorarse mediante transferencia as dotacións do subconcepto 230.06 asignada a cada departamento. Non poden incrementarse os créditos do subconcepto 641.01 asignado ao programa de gastos de departamentos mediante transferencias dende outros conceptos do mesmo programa, nin as dotacións dos subconceptos 226.01, 280.01 e 280.02 con independencia do programa afectado.

4. Correspóndelles aprobar as transferencias de crédito aos seguintes órganos:

- a) Ao Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, as transferencias de gastos de capital a gastos correntes, calquera que sexa o programa ao que afecten.
- b) Ao Consello de Goberno, as transferencias de crédito entre conceptos de diferentes programas, agás as enumeradas no parágrafo seguinte.
- c) Ao Xerente, por delegación do Consello de Goberno, as transferencias entre créditos dos diversos epígrafes dun mesmo ou de diferentes capítulos de gasto correspondentes ao mesmo programa e, as mesmas, entre os programas Fomento de proxectos de investigación, Proxectos de Investigación con Financiamento externo, Formación de investigadores e Departamentos, agás as mencionadas no apartado a).

Artigo 9. Redistribucións de crédito

1. As dotacións de crédito que sexan realizadas desde os centros xestores de programas de gasto ás diferentes clasificacións orgánicas para a xestión descentralizada dos mesmos serán consideradas redistribucións de crédito e non transferencias de crédito sempre que non modifiquen nin a clasificación funcional, nin a clasificación económica.

2. No referente a proxectos de investigación (programa 122P, clasificación económica 644, 645, 646 e 647) a redistribución poderá realizarse aos diferentes subconceptos que reflicten os diferentes tipos de axudas.

3. No exercicio orxamentario de 2009 poderán redistribuírse aos diferentes centros de gasto os créditos das aplicacións orxamentarias que deseguido se enumeran:

0022 122H 641.01 (Producción científica)
0022 122H 641.00 (Terceiro ciclo)
0022 122H 230.06
0022 122F 641.02
0022 122P 644. – 645. – 646. - 647.
0022 122I 641.05
0023 211E 228.02 – 229.01
OUR1 211E 228.02 – 229.01
PON1 211E 228.02 – 229.01
0000 311V 626
00TI 421S

4. As redistribucións de crédito serán ordenadas polo xerente, a proposta do vicerreitor correspondente en función da materia de que se trate, quen deberá achegar aos administradores de centros/campus e xefes de servizo afectados, copia dos acordos de distribución.

5. Será competencia da vicerreitora de Titulacións e Convergencia europea a proposta dos conceptos orzamentarios a distribuír da aplicación orzamentaria OOTI 421S en función da conveniencia de cara a consecución dos obxetivos asignados ao programa.

Artigo 10. Imputación de obrigas

1. Con cargo aos créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras ou servizos e demais prestacións, ou gastos en xeral, que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

2. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición das ordes de pagamento as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento da Universidade.

b) As derivadas de compromisos de gasto debidamente recoñecidos en exercicios anteriores e especialmente as indemnizacións por razóns de servizo xeradas no último trimestre do ano anterior.

c) As que resulten de gastos realizados en exercicios anteriores e se validen na forma regulamentariamente establecida.

3. O Reitor é o órgano competente para a validación de gastos, que deberán ter o informe previo do Servizo de Control Interno. Para a validación dos gastos será necesario que, por parte dos órganos que teñen competencia para autorizar gasto segundo o artigo 14.1 destas normas, se confeccione o oportuno expediente, no que figurará necesariamente a causa da non imputación ao orzamento correspondente e a aplicación á que correspondería imputar o gasto.

Artigo 11. Remanentes de crédito.

1. Son remanentes específicos os saldos dos créditos a 31 de decembro correspondentes a:

a) Operacións correntes e de capital en fase AD.

b) Os créditos que financien investimentos en obras e equipamento en expedientes de contratación por procedemento aberto ou negociado adxudicados provisionalmente ao 31 de decembro e que se adxudiquen definitivamente no mes de xaneiro seguinte, sempre que o crédito non estivese xa orzamentado.

c) Créditos financiados con contribucións específicas.

2. Para a incorporación de créditos nos supostos a) e b) será necesaria a expedición dun certificado de existencia de crédito e, adicionalmente, para o b), deberá acreditarse a adxudicación provisional e a definitiva. Para a incorporación de créditos no suposto c), estarase ó disposto pola entidade financiadora como data de finalización do proxecto, que será a data límite para esta incorporación.

3. Teñen tamén a consideración de remanentes específicos os saldos de créditos da partida 641.01.09 "Producción científica ano 2009", do programa 122H dos departamentos. Previa petición xustificada do director do departamento, que deberá ser tramitada antes da data que se indique na orde de peche do exercicio, o reitor poderá autorizar a incorporación destes remanentes no capítulo IV, coa finalidade de solicitar bolseiros nas convocatorias periódicas que realicen as Vicerreitorías de Novas Tecnoloxías e Calidade, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra. As correspondentes transferencias de fondos serán aplicadas no subconcepto e polo importe que se indique na solicitude.

4. Excepcionalmente, o reitor poderá acordar a incorporación do crédito dispoñible a 31 de decembro nas aplicacións orzamentarias correspondentes á dotación de laboratorios docentes e produción científica, previa petición acompañada da memoria xustificativa da necesidade da incorporación. No caso de aprobarse esta incorporación, o crédito debe executarse, ineludiblemente, durante o exercicio ao que se incorpore.

O resto dos remanentes que non se executen a 31 de decembro serán considerados de libre disposición para o exercicio seguinte.

TÍTULO II. DOS GASTOS DE PERSOAL

Artigo 12. Custos de persoal

1. As retribucións do persoal activo ao servizo da Universidade quedan suxeitas ao que nesta materia dispón a Lei de orzamentos xerais do Estado e a Lei de orzamentos da comunidade autónoma de Galicia. Os incrementos retributivos do persoal laboral deberán ser autorizados pola comunidade autónoma, segundo a Lei orzamentaria.

2. Cando se produzan baixas nas escalas que hai que extinguir nos cadros de persoal de administración e servizos funcionario ou laboral, procederase á readaptación dos cadros de persoal correspondentes e dos créditos a eles asignados, mediante as oportunas transferencias de crédito entre conceptos dos artigos 12 e 13.

3. Poderanse abrir partidas orzamentarias específicas no capítulo I para gastos de persoal contratado para a prestación de servizos con base en convenios con financiamento externo. Estes gastos, coas súas cotas sociais, non poderán superar os importes dos convenios subscritos ou ben das previsións de ingresos. Así mesmo, poderanse ampliar as dotacións orzamentarias dos conceptos referidos cando ao longo do exercicio se produza a incorporación de novo persoal coa financiación correspondente.

4. Con cargo aos créditos dos programas 421S e 122H xestionados en centros e departamentos non se poden realizar contratacións de persoal.

TÍTULO III. SUBVENCIONS

Artigo 13. Achegas a fundacións.

1. En aplicación do disposto nos artigos 22.2, apartado a da Lei 38/2003, de 17 novembro, xeral de subvencións e 19.4, apartado a, da

Lei 9/2007, de 13 xuño, de subvencións de Galicia, quedan autorizadas no exercicio 2009 as seguintes achegas directas a fundacións:

Entidade	Importe
Fundación Universidade de Vigo-FUVI	100.000,00
Fundación Galega para a Sociedade do Coñecemento-FFSC	60.000,00
Fundación Centro Tecnolóxico de Telecomunicacións-GRADIANT	9.000,00
Fundación para la Promoción de la Automoción en Galicia-CTAG	11.600,00
Museo do Pobo Galego	601,01
Energylab	30.000,00

2. Dentro dos límites do crédito orzamentado na aplicación 0000 421S 485, a Comisión Delegada de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno poderá autorizar achegas

a fundacións agás aquelas en que, segundo o previsto no artigo 84 da Lei orgánica 6/2001, de 21 decembro, de universidades, deban ser aprobadas polo Consello Social.

TÍTULO IV. DA CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

Artigo 14. Contratos menores

1. Quedan facultados, por delegación do reitor, para a aprobación dos gastos relativos á realización de obras, adquisición de subministracións e prestacións de servizos por

contrato menor segundo o establecido na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, respecto aos créditos que teñan encomendados:

Autorizados	Créditos de gasto encomendados
Vicexerencia de Planificación e Xestión Económica	Créditos asignados aos centros de gasto: 0000. Reitoría/Xerencia 00IN. Vicerreitoría de Relacións Institucionais 00IC. Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade 00PL. Vicerreitoría de Planificación 00TI. Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea 00LI. Centro de Linguas 00CS. Consello Social 00TG. Tribunal de Garantías
Vicexerencia do Campus de Ourense	Créditos asignados aos centros de gasto OUR1. Vicerreitorado do Campus de Ourense e CITI. Centro de Investigación, Transferencia e Innovación-CITI de Ourense
Vicexerencia de Xestión Académica e do Campus de Pontevedra	Créditos asignados ao centro de gasto PON1. Vicerreitoría do Campus de Pontevedra
A/O xefe de Servizo de Apoio á Investigación	Créditos asignados aos centros de gasto: 0022. Servizo de Apoio á Investigación 0033. Oficina de I+D EMT1. Estación de Ciencias Mariñas de Toralla CAT1. Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación-CACTI
A/O Xefe de Servizo de Extensión Universitaria	Créditos asignados ao centro de gasto 0023. Servizo de Extensión Universitaria
A/O director da Oficina de Relacións Internacionais	Créditos asignados ao centro de gasto ORI1. Oficina de Relacións Internacionais
A/O director da Biblioteca	Créditos asignados ao centro de gasto BUV1. Biblioteca Universitaria
As/Os administradores de centro/ ámbito/campus	Créditos asignados aos departamentos, facultades ou escolas, programas oficiais de posgra, títulos propios e proxectos de investigación que se xestionen no seu ámbito de competencia

2. O reitor delega nos órganos mencionados no parágrafo anterior a sinatura dos contratos menores.

4. Quedan excluídos de fiscalización previa os expedientes de gastos relativos a contratos menores.

3. Ademais da documentación e trámites que estableza a Lei de contratos do sector público respecto aos contratos menores, cando afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais requirirán informe previo do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas. Os contratos menores de servizos de tracto sucesivo, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos servizos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

Artigo 15. Procedementos negociados por razón de contía.

1. Deléganse nos/as vicexerentes do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra e nos/as administradores de centro/ ámbito/campus, dentro do seu ámbito funcional, a contratación de subministracións e servizos non suxeitas a regulación armonizada que poidan adxudicarse por procedemento negociado por razón de contía cando o seu valor estimado (IVE non incluído) non sexa superior ao establecido no artigo

161.2 da Lei 30/2007, de 30 de Outubro, de contratos do sector público, agás a adxudicación, formalización, modificación, suspensión e revogación dos contratos correspondentes a este procedemento que lle corresponden ao reitor.

2. En todo caso, cando os contratos mencionados afecten a edificios da universidade e as súas instalacións xerais requirirán informe previo do Departamento Técnico de Obras, Instalacións e Infraestruturas. Así mesmo, os contratos de servizos de tracto sucesivo, cando supoñan o uso por parte do contratista ou do seu persoal de inmobles, instalacións ou equipamento da universidade para a prestación dos mesmos, requirirán a autorización previa da Xerencia.

3. A Xerencia, a proposta do vicexerente ou administrador correspondente, poderá ordenar que un expediente de contratación se centralice por razón da súa complexidade ou da carga administrativa existente no centro.

Artigo 16. Medidas de racionalización técnica da contratación.

1. O reitor, a proposta da Xerencia, poderá declarar a uniformidade na adquisición de determinados bens e servizos, co obxecto de proceder á realización de compras conxuntas para toda a Universidade ou racionalizar e ordenar a adxudicación de contratos mediante a conclusión de acordos marco, a articulación de sistemas dinámicos de contratación ou a asunción da contratación por servizos especializados.

2. Deléganse nos/nas vicexerentes do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra e nos/nas administradores de centro/ámbito/campus a tramitación e sinatura de contratos de subministracións e servizos baseados nun acordo marco concluído pola Universidade con un ou varios empresarios, así como a autorización de gasto correspondente. O procedemento de adxudicación aterase ao establecido no artigo 182 da Lei de contratos do sector público e ao correspondente prego de cláusulas administrativas particulares do acordo marco, que poderá establecer limitacións a estas facultades.

3. A Xerencia queda autorizada para reter, autorizar e dispoñer dos créditos correspondentes para a contratación de bens e servizos de forma conxunta para toda a Universidade previa a declaración prevista no apartado 1. Así mesmo, poderá reter, autorizar, dispoñer e obrigar os créditos correspondentes nas contratacións centralizadas de obras, subministracións e servizos.

Artigo 17. Tramitación de expedientes con financiamento específico.

1. Na proposta de contratación de obras, bens e servizos con cargo a créditos con financiamento específico será obrigatorio indicar a fonte de financiamento e o prazo de xustificación do gasto.

2. Despois do 30 de setembro e do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de contratación, mediante procedemento aberto ou procedemento negociado respectivamente, para atender gastos con cargo a créditos con financiamento específico do que a súa execución deba xustificarse antes do 31 de decembro. A data límite será un mes antes para os contratos de regulación armonizada ou calquera dos contratos mencionados no artigo 37.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que poidan ser obxecto de recurso especial en materia de contratación. Con cargo a proxectos de investigación, unicamente se poderán iniciar expedientes de contratación cando o período entre a data de inicio do expediente e a data de finalización do proxecto sexa superior a dous meses. En todo caso, a tramitación só será posible se computado o tempo de tramitación e de execución do contrato, a xustificación de gastos é posible.

3. Excepcionalmente, tras a xustificación do proponente, o órgano de contratación poderá autorizar o inicio de expedientes despois da devandita data.

Artigo 18. As actas de recepción

1. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de obras deberán lexitimarse coas sinaturas do contratista, facultativos encargados da dirección da obra, facultativo designado polo reitor, o xerente e, facultativamente, o xefe de Servizo de Control Interno.

2. As actas de recepción derivadas de expedientes de contratación de subministracións ou servizos deberán lexitimarse coas sinaturas do xerente, contratista, das persoas autorizadas no artigo 14.1 en razón de su competencia nos créditos do centros de gasto e, no seu caso, o responsable do proxecto de investigación ao que corresponde o expediente. Facultativamente, irá asinada polo xefe de Servizo de Control Interno. Nos servizos centralizados, ou cando así o estime oportuno a Xerencia, figurará o responsable ao que se destine o obxecto do contrato e o técnico que se designe.

3. Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as subministracións de bens e os servizos que respondan a necesidades permanentes e que supoñan entregas ou prestacións repetitivas, que serán recepcionados mediante dilixencia sobre a factura ou documento xustificativo da entrega por parte do responsable da unidade ao que se destine o obxecto do contrato e as persoas autorizadas no artigo 14.1 en razón da súa competencia nos créditos do centro de gasto.

4. Trimestralmente darase conta ao Consello Social das recepcións efectuadas que superen os 450.759,08 euros en obras e 300.506,05 euros en subministracións e en servizos.

TÍTULO V. DA XESTIÓN DO INVENTARIO E PATRIMONIO

Artigo 19. Dos bens mobles inventariables.

Serán inventariables como regra xeral os bens non funxibles que reúnan os requisitos que se indican a continuación:

- a) Que se lle calcule unha vida útil superior ao ano e non se consuma co uso.
- b) Que teñan un custo unitario superior a 180 euros, incluído IVE, gastos de transporte, seguros, cánons e accesorios ata a posta en funcionamento, ou se o seu custo inferior comprende elementos secundarios dunha unidade inventariable.

Artigo 20. Alleamento de bens patrimoniais da Universidade.

O alleamento de bens producirase mediante poxa, tras a instrución do expediente polo Servizo de Xestión Económica e Contratación, no que necesariamente se incluírá a súa taxación pericial. Cando o importe sexa inferior a 6.000 euros, a autorización do expediente corresponderá ao reitor e se é superior a esa contía corresponderalle ao Consello Social.

Artigo 21. Actualización do valor contable patrimonial.

Autorízase ao xerente a ditar as normas necesarias para a actualización a 31 de decembro de 2009 do valor contable do inventario da Universidade.

TÍTULO VI. DA MEMORIA ANUAL

Artigo 22. Elaboración da memoria.

1. Os decanos, directores de escola, directores de departamento e os coordinadores de programas oficiais de posgrao e títulos propios co apoio dos administradores de centro, ámbito ou campus elaborarán unha memoria económica anual no prazo de tres meses contados a partir do peche do exercicio económico. Esta mesma obriga terana os vicerreitores e a Xerencia, responsables dos restantes programas de actuación, co apoio dos vicexerentes, xefes de servizo e directores mencionados no artigo 14.1 destas normas.

2. Estas memorias formarán parte, como anexo, da memoria económica anual da Universidade, que elaborará a Vicerreitoría de Economía e a Xerencia baixo a dirección do reitor.

3. As memorias conterán como mínimo unha explicación da execución do orzamento e das modificacións do mesmo, así como una descrición das accións realizadas. A Vicerreitoría de Economía e a Xerencia elaborarán unha instrución conxunta para determinar o contido e formato das mesmas.

TÍTULO VII. DISTRIBUCIÓN DOS CRÉDITOS

Capítulo I. Para facultades e escolas técnicas e universitarias

Artigo 23. Créditos para centros

Os créditos do programa de centros inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento das facultades e escolas técnicas e universitarias que figuran no anexo II.
- b) As dotacións para o desenvolvemento das novas titulacións oficiais de posgrao e títulos propios que se desenvolven por subprogramas dentro de cada centro e que figuran no anexo III.
- c) As dotacións por calidade docente e por cobertura a actividades que deberían soportar os servizos centrais que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.

Artigo 24. Calidade docente

A dotación de 464.000 euros por calidade docente no subconcepto 280.02 produción docente centros será concorrente e a súa distribución (nos dous primeiros meses do exercicio) correrá a cargo da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade docente. Estes créditos incrementarán os créditos orzamentados para cada facultade ou escola que se indican no anexo a este documento.

Artigo 25. Actividades de servizos centrais

A dotación de 40.000 euros para distribuír entre os centros que dan cobertura a actividades que deberían soportar os servizos centrais atópase incluída no subconcepto 221.01 "Subministración de servizos administrativos".

Capítulo II. Para departamentos

Artigo 26. Créditos para departamentos

Os créditos do programa de departamentos inclúen:

- a) As dotacións básicas para o sostemento dos departamentos que figuran no Anexo IV.
- c) As dotacións para desprazamentos dos docentes, por produción docente docente e produción científica que se distribuirán na forma establecida nos artigos seguintes.

Artigo 27. Desprazamentos dos docentes

O subconcepto 230.06 terá no exercicio de 2009 unha dotación de 60.000 euros para financiar as axudas de custo intercampus. Esta cantidade será distribuída pola Vicerreitoría de Profesorado en función da docencia intercampus de cada trimestre.

Artigo 28. Producción docente

Establécese unha dotación de 370.000 euros, por produción docente, no subconcepto 280.01 "produción docente departamentos". Esta partida ten como obxectivo premiar a calidade docente do cadro de persoal de cada departamento. A dotación será concorrente e a súa distribución correrá a cargo da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade en aplicación dos indicadores de calidade da actividade docente en departamentos.

Artigo 29. Produción científica

Neste exercicio distribuiranse 885.500 euros incluídos no suconcepto 641.01 "Produción científica" e 412.000 euros incluídos no suconcepto 641.00 "Terceiro ciclo".

A distribución da partida de produción científica será realizada pola Vicerreitoría de Investigación nos dous primeiros meses do exercicio, en función dos resultados de investigación obtidos con dous anos de antelación (entre xaneiro e febreiro, os departamentos ingresarán a "producción científica" de 2009) e a distribución da partida de terceiro ciclo será realizada pola Vicerreitoría Titulacións e Convergencia Europea, logo da decisión da Comisión de Terceiro Ciclo.

TÍTULO VIII. XESTIÓN DE DETERMINADOS GASTOS

Artigo 32. Gastos de viaxe, aloxamento e manutención do persoal de administración e servizos

A Xerencia autorizará as actividades do persoal de administración e servizos que impliquen gastos de viaxe, aloxamento e manutención. Esta autorización poderá ser obxecto de delegación nos vicexerentes atendendo á organización da universidade.

Artigo 33. Delegación de alumnos

Os créditos asignados ás delegacións de alumnado terán como primeiro obxectivo atender os gastos derivados das súas actividades propias e dos representantes dos estudantes nos órganos de goberno da Universidade. Para que estas dotacións poidan financiar gastos de carácter inventariable cumprirá que por parte do decano ou director e o administrador do centro se certifique a necesidade do investimento e se solicite da Xerencia a correspondente modificación de crédito.

Artigo 34. Normas de asignación do gasto centralizado de telefonía

O importe de 700.000 euros consignado no concepto 222 do programa 00IC 421S financia, entre outros, o gasto centralizado de telefonía fixa, incluídos os consumos básicos dos departamentos. A estes efectos, os importes fixos asignados son os seguintes:

Capítulo III. Outros programas

Artigo 30. Laboratorios docentes

Na función 311V, no concepto 626 inclúense 1.785.000 euros, que serán distribuídos pola Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade para financiar a dotación de laboratorios docentes como en anos precedentes, da distribución quedan excluídos os importes de 30.000 euros directamente asignados as seguintes titulacións: Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra. Polo tanto, a cantidade neta que se vai distribuír pola Vicerreitoría de Novas Tecnoloxía e Calidade é de 1.755.000 euros.

Artigo 31. Biblioteca.

Os créditos da biblioteca inclúen a dotación para a compra de material bibliográfico necesario para os programas oficiais de posgraos.

- 180 euros/ano por profesor a tempo completo
- 60 euros/ano por profesor a tempo parcial
- 180 euros/ano pola sede do departamento

Estas asignacións realizaranse asimilando á primeira categoría os contratados polos programas Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e Parga Pondal e segundo os datos dispoñibles no primeiro día lectivo do exercicio orzamentario.

Artigo 35. Realización de obras, reparacións e melloras.

Cando a natureza das obras, reparacións e melloras impliquen unha modificación física de locais ou instalacións, por razóns de seguridade, estabilidade e estanquidade, a administración do centro/campus deberá dispoñer do informe previo do departamento técnico de obras, instalacións e infraestruturas.

Artigo 36. Asignación en edificios compartidos

Dada a situación de compartir espazos por diferentes centros e titulacións, así como os gastos de subministracións (auga, luz etc.) do seguinte xeito:

A) Dentro do Campus de Vigo, os créditos das facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar asígnanse ao centro de traballo de Ciencias de Vigo e os do Edificio de Fundación ao centro de traballo da Escola Superior de Enxeñaría Industrial.

B) Dentro do Campus de Ourense, os créditos para o mantemento e subministracións administrativas do Edificio Xurídico-Empresarial están consignados no orzamento de Ciencias Empresariais e Turismo, os do Edificio de Facultades e dos pavillóns 1 e 2 na Facultade de Historia e os do Edificio Politécnico na Escola Superior de Enxeñaría Informática.

Artigo 37. Bolsas para a formación complementaria.

As Vicerreitorías de Novas Tecnoloxías e Calidade, do Campus de Ourense e do Campus de Pontevedra poderán convocar e tramitar, dentro dos seus respectivos ámbitos, as bolsas informáticas.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

A 1ª Autorízase ao reitor, tras a aprobación dos plans de investimentos polos órganos competentes, a realización dos trámites oportunos para concertar unha operación de empréstito dentro dos límites da normativa vixente.

DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS

1ª O reitor poderá reordenar as competencias propias que nas normas de desenvolvemento do presente orzamento figuran delegadas.

Para que as devanditas vicerreitorías poidan incluír nas súas convocatorias de bolsas as solicitudes de bolseiros que fagan os centros ou departamentos, cumpre que previamente estea dotada a aplicación orzamentaria correspondente do capítulo IV e envíen ao servizo administrativo correspondente de cada campus un documento contable RC polo importe da bolsa solicitada.

Resolta a convocatoria de bolsas, os documentos contables de execución do orzamento (AD, O, ADO) tramitaranse a través das unidades de xestión económica que dan soporte ás vicerreitorías, con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes.

2ª Autorízase á Vicerreitoría de Economía para ditar as resolucións necesarias para establecer as normas de desenvolvemento do orzamento 2009. Así mesmo, a Xerencia poderá ditar as instrucións e ordes de servizo necesarias para a execución e cumprimento destas disposicións.

2ª As presentes normas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

5. Anexos

ANEXO I: GASTOS DE PERSOAL 2009

RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

FUNCIONARIADO DOCENTE		
GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL €
Catedrático de universidade	108	6.343.973
Catedrático de Escola universitaria	41	2.100.628
Titular de universidade	561	28.742.742
Titular de Escola universitaria	160	7.627.074
Total:	870	44.814.418

PROFESORADO CONTRATADO		
GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL €
Contratado doctor fixo	137	4.778.875
Axudante doctor interino	6	209.294
Axudante doutor	8	217.187
Axudante	47	1.063.073
PP-2	14	442.154
Asociado T3-TC	17	463.754
Asociado T3-P6	181	2.389.678
Asociado T3-P5	56	633.718
Asociado T3-P4	83	782.726
Asociado T3-P3	112	844.949
Lector	4	91.657
Asociado CC.SS.	18	99.802
Visitante	9	414.547
Total:	692	12.431.413

PERSOAL INVESTIGADOR		
GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL €
Persoal investigador	176	5.157.210
Total:	176	5.157.210

RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓNS E SERVIZOS

FUNCIONARIADO PAS

GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL €
A	10	492.289
B	60	2.261.481
C	224	5.642.622
D	66	1.392.003
E	1	18.137
Total:	361	9.806.532

LABORAL PAS

GRUPO/CATEGORÍA	EFFECTIVOS	CUSTO SALARIAL €
I	34	1.385.088
II	19	629.903
III	154	4.179.031
IV	146	3.766.882
V	2	43.986
Total:	355	10.004.890

OUTROS GASTOS DE PERSOAL

TIPO DE GASTO	CUSTO €
Produtividade e gratificacións	776.000
Acción social	302.000
Plan de pensións	235.000
Gastos de formación PAS	195.000
Cotas dos seguros sociais	10.496.000
Total	12.004.000

RESUMO DO ORZAMENTO

ARTIGO	CREDITO 2009 €
10 - Altos Cargos	436.500
11 - Eventual	31.331
12 - Funcionarios	54.620.950
13 - Laborais	10.004.890
14 - Outro persoal	17.588.623
15 - Incentivos ao rendemento	776.000
16 - Cotas, prestacións e gastos sociais	11.228.000
TOTAL	94.686.294

ANEXO II: ORZAMENTO CENTROS 2009

CL. ORG.	CENTRO	212	213	215	220	221.01	221.02	222	223	226.01	226.02	226.99	227.09	228.02	229.03	229.04	229.07	230.01	II	482	IV	625	VI	TOTAL
0001	Escola Universitaria de Estudos Empresariais	43.350			22.575	42.000	9.000	150	1.065	3.241			3.000	3.000	3.352	3.843		3.810	138.386		0	21.604	21.604	159.990
0002	Escola Universitaria de Enxeñaría Industrial	137.072	23.310		24.000	94.600	19.155	1.600		3.265		200	6.611		2.000	4.000		5.473	321.286		0	40.000	40.000	361.286
0003	Facultade de Ciencias do Mar	9.000	53.000	7.000	9.600	342.411	43.783	1.300		3.800					3.254	10.100		3.800	487.048		0	14.300	14.300	501.348
0004	Facultade de Ciencias Económicas		25.486	36.707	23.969	173.250	20.000	8.000		4.456	5.000			8.000	6.749	5.380	8.000	6.153	331.150		0	30.210	30.210	361.360
0005	Facultade de Filoloxía e Traducción	51.700	10.340		20.100	181.300	18.000	4.100		3.242	5.000		1.096	6.000	3.352	4.705	5.000	3.546	317.481		0	20.416	20.416	337.897
0006	Escola Técnica Superior de Enxeñaría Industrial	12.000	60.000	3.000	13.000	253.000	49.605	3.500		4.500			2.500	3.089	4.972	8.442		3.500	421.108		0	42.058	42.058	463.166
0007	Escola Técnica Superior de Telecomunicacións	23.000	52.000	3.000	14.393	153.000	41.621	3.000		3.465			1.500		3.582	5.641		4.254	308.456		0	20.000	20.000	328.456
0008	Escola Técnica Superior de Minas	13.000	38.684	3.000	10.000	190.000	19.222	2.500		3.017			6.000		3.120	7.400	1.500	3.000	300.443		0	16.000	16.000	316.443
0009	Facultade de Bioloxía			2.900	8.100		32.046	1.900		3.530		150			3.029	9.000		3.350	64.005		0	11.900	11.900	75.905
0010	Facultade de Químicas		4.000		12.990		32.200	1.460		3.630		300			3.029	2.710		2.200	62.519		0	10.800	10.800	73.319
0011	Facultade de Belas Artes	4.300	31.000	2.211	9.741	82.530	40.955	4.838		2.017	1.000		2.100		3.120	7.400		4.313	195.525		0	11.718	11.718	207.243
0012	Facultade de C. Educación e Deportes	4.500	31.008	5.500	16.000	48.999	15.000	6.582		5.305	6.187		1.500		3.000	3.939		3.727	151.247		0	18.669	18.669	169.916
0013	Escola Técnica de E. Forestal	5.200	22.355	2.800	8.000	61.577	9.000	3.050		3.017	6.000				3.120	4.700		1.818	130.637		0	8.222	8.222	138.859
0014	Facultade de Ciencias Sociais	5.000	26.608	3.000	13.295	102.774	12.198	5.126		3.241					3.352	2.600		2.591	179.785		0	16.344	16.344	196.129
0015	Facultade de Dereito			1.994	16.480		10.329	4.811		3.241				2.000	3.352	3.600		3.090	48.897	6	6	17.336	17.336	66.239
0016	Facultade de Humanidades	44.591	1.994	25.000	6.795	205.361	3.721	971		2.906					3.005	7.000		1.364	302.708		0	5.116	5.116	307.824
0017	Facultade de Física	22.487	1.994		18.332	14.370	32.115	8.656		3.241					3.252	6.300		2.727	113.475	100	100	13.940	13.940	127.515
0018	Facultade de Ciencias Empresariais	12.815	40.000	1.458	24.625	147.000	22.564	5.000		3.241			1.000		3.352	6.110		3.747	270.912	6	6	21.834	21.834	292.752
0019	Facultade de Ciencias da Educación		1.994		26.845	3.888	35.063	3.905		3.465			6		3.582	7.228		4.044	90.021	1.000	1.000	17.534	17.534	108.554
0021	Escola Técnica Superior de Informática	60.490	2.000		15.511	179.397	19.000	2.946		3.147	2.500		3.848	3.000	3.254	2.000		4.000	301.093	1.000	1.000	24.082	24.082	326.175
0030	Escola Universitaria de Fisioterapia	7.000	19.000	2.862	6.390	30.591	7.118	911		4.456	307			300	4.000	204		3.377	86.516		0	6.726	6.726	93.242
0040	Facultade de Ciencias Xurídicas	24.884	26.773	15.000	11.000	108.100	10.000	3.200		3.465	4.000	1.000	2.000	2.000	3.582	4.304	7.000	4.605	230.913		0	18.682	18.682	249.595
	TOTAL	480.389	471.546	115.432	331.741	2.414.149	501.696	77.506	1.065	76.888	29.994	1.650	31.161	27.389	76.409	116.606	21.500	78.489	4.853.610	2.112	2.112	407.491	407.491	5.263.213

ORZAMENTO TITULOS PROPIOS 2009

CÓDIGO	TIULOS PROPIOS	TOTAL	220	221.02	222	226.01	226.02	226.99	227.09	228.02	230.05	II	482.30	IV	625	VI
421STEX	Deseño Textil e Moda	377.542	7.000	6.987	3.733	3.500	9.000		3.500	322.595	2.747	359.062		0	18.480	18.480
421SMED	Informacion Tecnica do Medicamento	71.437	1.500			2.000	1.211	1.590		60.136	1.000	67.437		0	4.000	4.000
421SDET	Detective Privado	355.000	5.000	3.000	2.000	4.000	33.800			256.900	2.500	307.200	16.500	16.500	31.300	31.300
421SAMB	Ciencia e Tecnica Medioambiental	7.553								6.553	1.000	7.553		0		0
	TOTAL	811.532	13.500	9.987	5.733	9.500	44.011	1.590	3.500	646.184	7.247	741.252	16.500	16.500	53.780	53.780

ANEXO III: ORZAMENTO POPS 2009

CÓDIGO	POSTGRADOS OFICIALES	220	221.02	222.03	226.01	226.02	226.99	227.09	228.02	230.01	II	482.30	IV	625	VI	TOTAL
421SP01	Enerxia e Sustentabilidade	725		360	600			5.818	79.344		86.847		0		0	86.847
421SP02	Prevençion de Riscos Laborais	500			1.000	2.500			46.000	1.012	51.012		0		0	51.012
421SP03	Enxeñería Matemática								17.599		17.599		0		0	17.599
421SP04	Ciencia e Tecnoloxía Química								2.500		2.500		0		0	2.500
421SP05	Química Teórica	1.247							5.000		6.247	8.700	8.700		0	14.947
421SP06	Neurociencias	200	2.000							300	2.500		0		0	2.500
421SP07	Física Aplicada	10.400	4.000	409	4.000				17.000	6.000	41.809		0	4.000	4.000	45.809
421SP08	Xestión e Dirección Laboral						4.000		41.997		45.997		0		0	45.997
421SP09	Estadística Operativa	250							1.000		1.250	1.250	1.250		0	2.500
421SP10	Estudos de Xenero	200			1.000			3.000	19.279	1.000	24.479		0		0	24.479
421SP11	Tecnoloxía Agroalimentaria	6.000	8.000		600	2.000			10.318	1.400	28.318		0	6.000	6.000	34.318
421SP12	Fotónica e Técnicas do Laser								29.486		29.486		0		0	29.486
421SP13	Dirección e Planificación do Turismo	2.000		1.500	12.373	6.000		18.128	104.334	6.000	150.335		0	4.000	4.000	154.335
421SP14	Dereito Medioambiental e Urbanismo	1.000	2.000		4.500	3.500			79.000	1.035	91.035		0	500	500	91.535
421SP15	Xestión do Desenvolvemento Sostible	500		200	3.000	2.500			16.412	500	23.112		0		0	23.112
421SP16	Políticas Comunicarias e Cooperación Territorial					3.000			44.112		47.112		0		0	47.112
421SP19	Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega		600		600	1.000		3.000	7.143	600	12.943		0		0	12.943
421SP20	Comunicación Multimedia		1.774						15.800		17.574		0	3.000	3.000	20.574
421SP21	Tecnoloxías e Procesos na Industria do Automóbil	2.500		500	2.170	1.000		9.200	109.709		125.079		0	2.160	2.160	127.239
421SP22	Enxeñería da Edificación e Construcións Industriais	100			500			8.000	52.614		61.214		0		0	61.214
421SP23	Enxeñeiro/a de Soldadura	1.913			1.000		1.000	8.000	36.897		48.810		0		0	48.810
421SP24	Acuicultura	2.500	8.204	600	600				1.500	600	14.004		0	3.000	3.000	17.004
421SP25	Comercio Internacional								33.890		33.890		0		0	33.890
421SP26	Dirección Integrada de Proxectos			1.500	2.000	1.934	500		11.000	2.000	18.934	2.000	2.000		0	20.934
421SP27	Consultoría de Software Libre	235			2.984	3.000		3.900	58.990		69.109		0		0	69.109
421SP28	Intervención Multidisc. na Diversidade de Contextos Educativos	8.000			800			3.557	20.000		32.357		0		0	32.357
421SP29	Creación, Dirección e Innovación na Empresa	500			5.060	2.000			69.165	2.275	79.000	15.112	15.112		0	94.112
421SP30	Nutrición	1.300	1.200	200	600	1.600	40.497	4.000			49.397		0		0	49.397
	TOTAL	40.070	27.778	5.269	43.387	30.034	45.997	66.603	930.089	22.722	1.211.949	27.062	27.062	22.660	22.660	1.261.671

ANEXO IV: ORZAMENTO DEPARTAMENTOS 2009

VC01	Dep Bioloxía funcional e C. da Saude	7.478			2.437		600	1.500	12.015	0	12.015	
VC02	Dep. Bioloxía Vexetal e C. do solo	2.562			2.562		2.405	1.000	8.529	0	8.529	
VC03	Dep. Bioquímica, Xenética e inmunoloxía	4.000			2.328				6.328	0	6.328	
CC04	Dep. Ecoloxía e Bioloxía animal	2.504			2.504		1.669	1.669	8.346	0	8.346	
EC05	Dep. Estadística e Investigación operativa	2.500			2.000		1.900	570	6.970	0	6.970	
EC06	Dep. Matemáticas	1.611			800		1.600	1.400	5.411	0	5.411	
ZC07	Dep. Química Analítica e Alimentaria	2.253			1.200		2.400	750	6.603	0	6.603	
ZC09	Dep. Química orgánica	1.500			1.500		1.000	311	4.311	0	4.311	
CC10	Dep. Xeociencias Mariñas e ordenamiento	2.342	200	300	1.000	160		400	4.402	0	4.402	
ZC11	Dep. Química Física	400			1.700		3.553	400	6.053	0	6.053	
ZC12	Dep. Química Orgánica	500			1.500			500	2.500	2.177	2.177	4.677
HH03	Dep. Filoloxía Galega e Latina	1.887	80		1.887		2.600	700	7.154	0	7.154	
HH04	Dep. Filoloxía Inglesa, Francesa e alemana	4.000	1.000		1.500		4.756	100	11.356	200	200	11.556
GH05	Dep. Historia arte e geografía	1.200	1.600		1.000	478	1.000	500	5.778	0	5.778	
PH07	Dep. Escultura	1.000			500		2.344	150	3.994	0	3.994	
PH08	Dep. Pintura	1.269			1.000		700	700	3.669	0	3.669	
PH09	Dep. Debuxo	1.300			1.204		900	815	4.219	0	4.219	
HH10	Dep. Lingua Española	1.504			700		400	973	3.577	0	3.577	
HH11	Dep. Literatura española	871	100		350		1.789	100	3.210	0	3.210	
HH12	Dep. Traducción e lingüística	3.000	2.000		1.000	1.547	2.000	1.000	10.547	0	10.547	
BT01	Dep. Deseño na enxeñería	3.238			2.400		1.500	1.300	8.438	0	8.438	
IT02	Dep. Enxeñería Eléctrica	300			600	4.887			5.787	1.000	1.000	6.787
IT03	Dep. Enxeñería Mecánica	2.696			700		1.797	1.797	6.990	2.365	2.365	9.355
IT04	Dep. Enxeñería Química	4.000		300	3.000	221	600	300	200	8.621	0	8.621
BT05	Dep. Enxeñería dos materiais	1.980			1.981		1.321	1.321	6.603	0	6.603	
WT06	Dep. Enxeñería dos recursos naturais	3.000			1.700		663					

